


andaina



andaina 47

SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentos
- 8 Cara ao fin da menstruación?
- 11 Sen pecado concibidas
- [Dossier] 14 Ecofeminismos, soberanía alimentaria, microcréditos
- 16 Que é o ecofeminismo?
- 20 A era post-patriarcal: a viabilidade da utopía ecofeminista
- 25 Entrevista a N. Manimekalai
- 28 Necesidade e pobreza segundo Vandana Shiva
- 33 Declaración de Nyélení pola soberanía alimentaria
- 37 Ecoloxía e feminismo
- 38 Outro mundo é posible
- 40 Análise da Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes
- 45 Propiedade e uso das TICs
- 46 O obradoiro de costura de Mari Paz
- [Libros] 48 Dicionario das Mulleres Galegas
- 49 Niketche: Unha historia de poligamia

Revista Galega de
Pensamento Feminista

Verán, 2007

Apdo. 1058
Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,
Milagros Becerra, Pilar Pérez Rey,
Laura Gómez Lorenzo,
Nadia Álvarez Fernández,
Patricia Arias Chachero,
Celia Balboa Guerra e
Raquel Barreiro Paz

COLABORAN NESTE NÚMERO

Marichel Chavarría, Claudina Cavaco,
Alicia Puleo, Saleta de Salvador Agra,
Nadia Álvarez Fernández,
Anna Cervera Iglesias, NSC,
Dalila Dopazo Blanco,
Estrela Villaverde Creo, Isabel Marínez,
Anna Amorós Pons, Ana M.^a Arellano

DISEÑO GRÁFICO

CEBRA

IMPRIME

Grafisant, S. L.
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente
coas opinións dos artigos que aparecen
nesta revista

EDITORIAL

A actividade governamental (leis, ordes, medidas, decretos) desenvolvida polo Goberno socialista do Estado e a realizada polo bipartito –socialista e nacionalista– da Xunta de Galiza ten un capítulo de importancia e interese na igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia machista, incorporación das mulleres ao ámbito laboral en igualdade de salarios, tratos, titularidade e contratos, a valoración e pago dos coidados familiares, así como a incorporación dos varóns aos mesmos e aos traballos domésticos, tamén en canto á liberdade sexual ou na carta de natureza de distintos tipos de familias.

A vontade e o desexo de modificar unha realidade inxusta e

discriminatoria merecen parabéns e non é cousa de non llelos dar desde unha revista como a nosa que leva tantos anos achegando os seus puntos de vista e os seus esforzos para cambiar as consciencias sobre a non-naturalidade de semellante xeito de ordenar a vida de homes e mulleres.

E darlles os parabéns é un xeito tamén de dárnolos a nós e a quen coma nós traballou e pelexou para que hoxe, gobernos máis sensíbeis ás inxustizas e máis favorábeis á igualdade exerzan o labor que lles compete.

Porén, os parabéns non son todo. O labor crítico (*kritiké*) é de suma importancia e así deberíamos entendelo a cidadanía –e non nos colocar no *amén, amén*, porque o fixeron *os nosos* ou porque *por fin alguén fai algo na materia*–. Así debería entendelo tamén quen legisla, goberna, dirixe, etc. Porque é este labor o que estimula e alenta a mellorar, a corrixir e a perfeccionar, que debería ser o desexábel para quen ostenta cargos públicos e de responsabilidade.

A Lei Integral de Violencia de Xénero cumprirá dous anos en decembro, prazo que se marcou para facer unha valoración. É un tempo prudente para medir e avaliar sen preconceitos a súa aplicación e o seu desenvolvemento, atendendo –e recollendo– as achegas das persoas, organizacións e institucións máis implicadas.

En *Andaina* temos promovido e participado en debates sobre esta lei, sobre moita da filosofía que

a inspira e sobre algúns incumprimentos graves, como é a cuestión da educación. Moito nos gustaría que a revisión que se faga non bote ao lixo suxestións como as nosas. Como as alegacións que fixemos no seu día ao borrador da *Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero* aprobada agora, por unanimidade, no Parlamento galego –o 17 de xullo– e que ten como principal novidade a non inevitabilidade de presentar denuncia para acceder aos recursos dispoñíbeis. Os aspectos preventivos –formación de profesionais, sensibilización da cidadanía, intervención no ámbito educativo, etc.– precisan ser desenvolvidos desde os comezos da aplicación da lei, para o que se fai imprescindible poñer os orzamentos necesarios enriba da mesa.

Desta trepidante actividade lexislativa queremos dicir que non son leis e máis leis (ou ordes, decretos e medidas) o que necesitamos. Queremos as xustas e que inclúan as correccións das anteriores cando se demostraron ineficaces ou incapaces de transformar o pretendido ou mesmo promoveron efectos indeseados.

Valorar o feito é imprescindible e necesario para ver como avanzar e mellorar. Iso si que é valioso!

A lei e a vida non son a mesma cousa. Outorgarlles ás leis o papel de resolver os problemas sociais e pensar que as leis, así, sen máis, cambian a vida é unha inxenuidade.

Velaí a tarefa que compete a quen nos goberna, recoller e tomar en consideración as voces –todas as voces– que fan crítica e que teñen algo que dicir. E é moi importante que esas voces existan e facelas oír. **66**



Recibimos o correo seguinte. Interesante porque nos informa como e en que se gastan os cartos públicos, é interesante tamén polo silencio teimoso que rodea á familia real e as súas actividades. E non hai medios de comunicación dispostos a dicir estas cousas? Por que?

«Após o lutuoso desenlace da morte por sobredose de barbitúricos da irmá de SAR dona Letizia Ortiz Rocasolano, catro dados de interese para os contribuíntes:

1. A falecida dispuña de 8500 euros mensuais, partida adxudicada nos PGE sección 153.3.4.-Casa Real (apartado gastos compensatorios da casa de SAR o príncipe de Asturias).

2. Dispuña dun servizo discreto de vixilancia (ou contravixilancia) composto por funcionarios adscritos ao Servizo de Seguridade da Casa Real (normalmente, garda civil) e iso, por catro quendas = 12 funcionarios.

3. Dispuña de coche (non oficial) pero con chofer (adscrito ao Parque Móbil da Casa Real) e con titularidade por parte da Casa Real (un Citroën Xantia).

4. Dispuña de outra partida complementaria de 1830 euros en concepto de dietas de vestiario e locomoción para asistencia a eventos oficiais, como tía en primeiro grao do herdeiro/a da Coroa de España.

Multipliquen, sumen ou fagan o que queiran, pero non resten: a nai de D.^a Letizia Ortiz, o seu pai, a actual compañeira do seu pai, o actual compañeiro da súa nai, as súas irmás, os seus cónxuxes ou compañeiros, os seus sobriños, o seu avó materno e a súa avoa paterna, o seu ex...; isto só no concernente á familia Ortiz-Rocasolano... Queren seguir? Familia Marichalar, familia Urdangarín, familia real grega (no exilio), familia real búlgara (no exilio)... Total... máis de 45 millóns de euros/ano.

Os príncipes de Asturias teñen un piso de 1777 metros con custo de case 5 millóns pagado polo Estado. Ademais o Estado paga todo o seu mantemento e o servizo, que son de 70 a 100 persoas». ❏



A paixón homofóbica!

Quen nos ía dicir que Rusia e Polonia ían compartir tan intensamente esta paixón!

Aquí os teñen: en Moscova organizaron un desfile de orgullo gai que non puido facerse. As autoridades da capital prohibírono e os activistas defensores da liberdade sexual quixeron achegarse á sede do Concello para facer entrega ao alcalde dun escrito pedindo que levantase a prohibición. Imposíbel. O alcalde, Yuri Luzhkov, cre que a homosexualidade é produto de Satanás e ten dito que endexamais permitirá desfiles gai na capital rusa. Para impedilo, unha morea de ortodoxos e nacionalistas furias que levaban pancartas tan expresivas como «Morte aos homosexuais» e mesmo algunhas máscaras para evitar «ser contaxiados da enfermidade gai», entregáronse directamente á agresión. Igor Miroshnichenko dicía cousas fantásticas: «viñemos axudar a nosa valente policía», porque el e os seus están en contra «de permitir marchar a depravados nas rúas de Moscova».

Polonia, sempre afervoadada –fervores marianos pro Juan Paulo II– ou ultrahetero desde que chegaron ao poder os xemelos Lech e Jaroslaw Kaczynski. Eles e a corte de ministros e outros altos cargos. Roman Giertych, ministro de Educación, propuxo unha lei para prohibir a propaganda homosexual nas escolas, de xeito que o profesorado só poida falar mal da homosexualidade. Ewa Sowinska, Defensora do menor, leva mirando con lupa os Teletubbies –serie da BBC británica–, porque «fomentan a homosexualidade» e quere que un grupo de psicólogos fale coa rapazada que ve este programa para que eles ditaminen se a serie pode / debe emitirse (Tinky-Winky vestido de morado, con bolso e un triángulo na cabeza).

En fin... sumemos tamén a irritación que produce a cousa en Israel –onde os grupos conservadores están preparando unha lei que prohiba as marchas progais– ou Letonia e Moldavia. Non botemos ao esquecemento ese estado antidemocrático que é O Vaticano, que tampouco perde ocasión de roer e furar en contra de xeito algo máis sibilino e... lembremos igualmente que os dereitos, as liberdades e as conquistas sociais nunca son seguras e para sempre. ❏

Si señoras, noticias dispoñíbeis a través dos medios de comunicación:

Escola de Rignano Flaminia, vila de 7000 habitantes, preto de Roma, Italia. Após unha investigación que se demorou por oito meses, a partir dunha denuncia de varias nais-pais, foron arrestadas a finais de abril de 2007 seis persoas, tres mestras da escola, o marido doutra mestra –creador de programas de televisión para nen@s–, a conserxe e o empregado dunha gasolinera. Os cargos, someter a un grupo de 15 nenos e nenas a abusos sexuais e a xogos eróticos diversos que eran gravados. Dúas das mestras teñen netos da idade dos alumnos-víctimas.

No IES Guadaiza de San Pedro de Alcántara, Marbella, a menor Z.G.B, de 14 anos, sufriu unha malleira a mans de catro compañeiras que gravaron a malleira e difundírona entre o resto do alumnado da aula.

A rusa *Elena Podvigina*, de 23 anos, detida o 5 de abril por discutir cuns veciños ao volver dunha festa, en Barcelona; dúas *mosses d'esquadra*, na comisaría onde a levaron, bouraron nela a gusto estando esposada e medio espida. 6

España marcha á cabeza da Europa dos quince no 2006 cun divorcio cada 3,7 minutos. 141.817 divorcios. De cada catro matrimonios, tres divórcianse, 3,7 cada minuto, 16 á hora e 386 ao día.

Mirando dentro: Canarias, Illas Balears, Catalunya, Andalucía, Madrid e Valencia colócanse de primeiros e de finalistas Extremadura, Castela León, Castela A Mancha e País Vasco.

E Galiza? Onde credes que está? Nada menos que en sexto lugar: 8984 no 2006.

Constatando o número de roturas matrimoniais e que xa non funciona iso de *para toda a vida*, cómpre que as mozas casadeiras (mozos tamén, claro) teñan isto na cabeza como situación posíbel tamén no seu caso e pensen nos investimentos que fan en réxime de gananciais e os gananciais mesmos. 6

Creacións efémeras

Ler esas creacións efémeras e fugaces que ás veces se consegue captar coa cámara é entrañábel. Paredes de cidades e vilas, zonas de paso ou de botellón, mesas de bibliotecas e de aulas en institutos de secundaria, portas de aseos ou servizos. Hoxe ofrézovos dúas que vos farán esbozar un sorriso ou un riso. 6



Decreto para parellas de feito

En xullo, a Xunta de Galicia publicará o decreto de creación dun rexistro para que se inscriban as parellas de feito que queiran beneficiarse dos dereitos que rexen para os matrimonios (herdanzas, pensións de viuvez, permisos por enfermidade, nacemento, morte, adopcións, custodias), tal e como consta na nova Lei de Dereito Civil de Galicia coa reforma aprobada o 29 de maio.

Daquela só poderán considerarse a estes efectos parellas de feito –homosexuais-lésbicas ou hetero– as que queiran explicitamente e de común acordo equipararse aos matrimonios. 6

Cindy Sheehan

Unha muller corrente de Vacaville, un pobo de California, a grande e valente Cindy Sheehan.

Todo cambia cando en abril de 2004 recibe a noticia de que o seu fillo, Casey, morría en Bagdad, buscando armas de destrución masiva.

Intenta que a reciba Bush e lle explique a morte do seu primoxénito na guerra de Irak, unha guerra ilegal e inxusta. O presidente négase a facelo e ela acampa diante do seu rancho en Crawford (Texas), únese ao movemento pacifista, ten esperanzas de que o partido demócrata se opoña á guerra de Irak...

E agora retírase á súa casa, á súa familia, porque está cansa, porque está desanimada e porque está doída... de que a insulten. «Fun a nena mimada da esquerda mentres limitaba as miñas críticas a Bush e o partido republicano»... desde entón, ramera oportunista, zorra, puta e outros centos de insultos (sóanvos este xeito de descualificar e vilipendiar ás mulleres?).

Logo destes dous anos longos de loita, de coñecer unha realidade á que non tivera acceso di do seu país, «non es o país que ameí».

Seguro que non lle chega o noso ánimo e as nosas palabras de alento e gratitude pola valentía e coraxe que tamén aprendemos dela, pero gustaríanos que as recibise. Ela e cantas mulleres perden fillos nas guerras que dirixentes de aquí e de alí fan para ampliar fronteiras, conseguir petróleo, expulsar ou matar seres humanos doutras relixións ou dirixentes que mandan aos fillos de outras a matar e a morrer. Malditos exércitos! e malditas guerras! 6



Alicia Ageno, regatista canaria, profesora de Linguaxes informáticas na Universidade Politécnica de Catalunya, única navegante española na Copa América. Compite na Louis Vuitton por lesión do titular. Experta en informática no Victory Challenge, en realidade o seu cerebro, 10 horas diante da pantalla de 14 polgadas.

Encántalle a navegación e di que na vela custa que acepten a unha muller e que, aínda que no Victory non tivo problemas, sufriu máis receos por selo. Fai as súas sesións de hora e media diarias de ximnasia e entrena como o que máis. 6

O 21 de abril as autoridades iranianas lanzaron a campaña «para fortalecer a seguridade moral e social». Desde entón unhas 150 mulleres foron e son detidas e retidas ao día, pasando polo menos algunhas horas en comisaría. Tamén algúns homes por levar gravatas, camisetas ou prendas «pouco islámicas» ou mesmo cortes de pelo «occidentais» (prohibindo as perruquerías que fagan eses peiteados). Moitas mulleres iranianas están indignadas de que haxa gobernantes que se crean no dereito de lles ditar até as cores das súas prendas de roupa interior. As empresas de moda, as tendas...

Sen embargo, a medida está resultando contestada desde sectores do poder non necesariamente moderados que miran para as eleccións do 2008.

Os SMS que correron abundantemente polos móbiles a mediados de maio deixaban entrever outras explicacións: «Cúbranse o cabelo porque vai subir o prezo da gasolina», vaia, unha manobra de distracción por parte do Goberno. 6



«O feminismo de raíz marxista foi, talvez, a ideoloxía máis destrutiva do século XX, e inclúo nesta consideración o comunismo e o nazismo. Ese feminismo marxista está destruindo á muller. Afortunadamente, comeza a ser superado por outras formas de feminismo máis temperadas e, ao tempo, máis fecundas, máis produtivas, máis enaltecedoras para a muller. Pero eu creo que o feminismo fixo moito dano, e segue facéndoo. E tamén hai que falar disto. E tirar ás máscaras do politicamente correcto».

Se queren saber quen é o autor desta marabilla vaian a unha hemeroteca calquera e busquen na páxina 4 de *Faro de Vigo* do domingo 25 de marzo de 2007.


Non deixedes de reparar que o que comeza sendo «o feminismo de raíz marxista», tres liñas máis abaixo é feminismo a secas, todos, calquera... que tanto dano ten feito, fai e fará porque non é produtivo, non enaltece a muller, non ten sido fecundo.

En boca dun a quen tratan de intelectual e que escribe e publica libros. 6




Katharine Hepburn volta ao candeeiro da man dun libro de Willian J. Mann: *Kate, o lado escuro de Kate Hepburn*, Madrid, T&B Editores, 2007. O autor conta «a grande obra de enxeñaría identitaria á que a intelixente, ponderada, elegante, bromista, sagaz, equilibrada, independente, esquerdista actriz se someteu ao longo da súa vida para dar a imaxe que precisaba dar, para pasar con éxito por riba das exixencias do *encorsetado* e pacato mundo do cine sen sacrificar ningunha das súas ideas e sen dobregar a súa santa vontade». En prata: a súa homosexualidade.

Laura Harding foi a súa primeira compañeira, á que seguiron outras, Suzanne Stell, Jane Loring, montadora de cine que non ocultaba a súa orientación sexual.

Un dos datos que resalta este biógrafo é que a casa familiar da Hepburn, onde se refuxiaba cando as tensións *arreciaban*, era de ambiente culto e refinado, cun pai médico reputado e unha nai lectora de Shakespeare, feminista radical e defensora das prostitutas. Alí pasaba unha temporada e volvía aos escenarios de Broadway con novas forzas. Da soadísima relación con Spencer Tracy... unha relación rendíbel e, á diferenza do que tantas veces se dixo, moi pouco misteriosa... Pero mellor achegarse ao libro. 

«O español da historia»

Antena 3, sempre tan interesante, promoveu un programa para buscar «O español da historia» dunha lista de 100 personaxes coas propostas máis variadas.

Saben quen gañou por goleada? Juan Carlos I, seguido de Cervantes e Colón. A primeira española, a raíña Sofía (4º), Santa Teresa (9º), Isabel la Católica (11º), dona Letizia (15º). Calarei os postos que o público participante neste programa outorgou a Goya, Rosalía de Castro, Chillida, Plácido Domingo, Buñuel, Montserrat Caballé ou Velázquez (un posto por diante de la Pantoja) e non esquezamos os enormes méritos desenvolvidos pola súa maxestade para ocupar tan esforzado posto. 

Boletín
de subscrición



andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome

Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:





Cara ao fin

 MARICHEL CHAVARRÍA

Tomar a pílula anticonceptiva, a que prevé sete días de descanso ao mes equivale xa a dicirle ao corpo que a menstruación non é precisa. Cando se administran estóxicos e proxesterona, o cerebro recibe unha información que lle indica que xa ovulou, polo que non segrega a hormona que estimula o ovario. Partindo desta premisa, a ciencia non ten deixado de indagar acerca das posibilidades de abolir a regra e con ela esas molestias que lle impiden –segundo estudos de

Bayer Scherig Pharma AG– a un 75% das mulleres españolas sentirse igual de ben e render ao máximo os 28 días do seu ciclo. Nos Estados Unidos xa se comercializa unha pílula que deixa de tomarse só cada tres meses e en breve podería estar dispoñíbel o tratamento que non contempla descansos. Se a axencia estadounidense do medicamento (FDA) dá o visto e parece á pílula Lybrel, as usuarias deste fármaco non terían máis a regra. A compañía prevé vender por

valor de 250 millóns de dólares ao ano; segundo os seus estudos, case dous terzos das mulleres estarían dispostas a tomala.

Señora, que lle impide desligarse da súa natureza e controlar o seu ciclo, rematando con dores, inchazón e síndrome premensual? A Sociedade Española de Contracepción apresurouse a se-

* Artigo publicado en *La Vanguardia*, o 24 de abril de 2007.

A Sociedade Española de Contracepción apresurouse a semana pasada a augurar con esa pílula unha «segunda revolución social», unha revolución similar á que nos sesenta fixo posíbel desvincular o sexo da procreación

mana pasada a augurar con esa pílula unha «segunda revolución social», unha revolución similar á que nos sesenta fixo posíbel desvincular o sexo da procreación. Pero as respostas a esa pregunta son múltiples. Algúns expertos aseguran que tomala pode previr de patoloxías como a endometriose e reducir a porcentaxe de histerectomías (estirpación do útero). Aseguran que non implica máis riscos que o tra-

loxía de Santa Pau. Calaf asegura que non hai ningún risco engadido para a saúde na administración prolongada de hormonas con respecto ao tratamento tomado de maneira normal. «Os estudos son sólidos e as combinacións foron comercializadas en Estados Unidos; xa sabemos que alí son moi estritos coa normativa», engade. «O único efecto secundario é a comodidade».

de dous mil anos sexa posíbel introducir cambios nunha harmonía pero non por agora». Para moitas mulleres e profesionais da xinecología, abolir a menstruación suporía un progreso para as mulleres, unha vez superada a intranquilidade que pode producirlles o feito de non sangrar mensualmente e ademais corroborar que non se está embarazada.

da menstruación?

A nova pílula reabre o debate sobre se é convinte ou non abolir a regra*

tamento hormonal até o de agora coñecido.

«Se non se descansara eses sete días cada ciclo, non aparecería ningunha perda similar á regra, pero para dar sensación de normalidade, interrompemos a toma cada 21 días, tanto se é en pílula como se son pegados (que se cambian unha vez cada semana durante tres semanas) ou anel vaginal, que se deixa posto 21 días», explica o doutor Joaquim Calaf, responsábel do Servizo de Obstetricia e Xineco-

A doutora Carme Valls i Llobet, discrepa. A endocrinóloga e directora do programa «Muller, saúde e calidade de vida», do Centre d'Anàlisi i Programes Sanitaris (CAPS), reconece que metabolicamente é o mesmo descansar que non descansar, porque a regra que se produce seguindo un tratamento hormonal non é unha regra normal, senón a perda dun anaco de tecido endometrial. «Pero coidado –advirte–, non cicla só o útero, senón todo o corpo. Talvez dentro

Valls considera que isto é así porque non se lles explica claramente que para isto deberán seguir un tratamento hormonal durante anos nin se lles fala das consecuencias que o tratamento prolongado podería ter (cancro de mama, de endometrio, incremento de enfermidades autoinmunes, obesidade, colelitiasis, endocrinopatías...): «O primeiro problema é que non se ten estudado a relación entre o uso do tratamento hormonal anticonceptivo e a calidade de vida das per-

soas. Usalos cambia a libido e a harmonía do hipotálamo das mulleres. É un problema sutil, pero moitas indican que teñen alteracións na apetencia sexual. Ademais, aumenta aspectos hiperestroxénicos: por exemplo, pode aumentar a autoinmunidade e, polo tanto, as enfermidades de tiroides relacionadas, como a tiroidite autoinmune. Tamén pode alterar os lípidos e o colesterol, ou incrementar o risco de trombose».

Outro aspecto da discrepancia é a rapidez coa que a regra volve a estar presente. Segundo o doutor Calaf, aos 20 días de deixar de tomar a pílula prolongada vólvese ovular, e aos 45 días tense a regra. En cambio a doutora Valls constata casos nos que as mulleres teñen tardado entre un e tres anos en quedar embarazadas.

Volvendo aos efectos indesexados do tratamento, o doutor Calaf, non obstante, lembra que o tratamento hormonal prolongado someteuse a revisión: polo menos dous grupos de pacientes, un de 456 e outro de 336 de entre 18 e 45 anos foron estudadas nos EE. UU. durante un ano e despois con probas cíclicas. «O importante para quen queira empezar un tratamento hormonal é unha boa historia clínica, analizando a hipertensión, o sobrepeso, a circulación

deficitaria, o metabolismo de hidratos de carbono... unha persoa nova sen antecedentes patolóxicos non necesitaría moitas máis probas». Calaf confirma que desde o punto de vista de cancro de ovario ou endometriose, o uso do tratamento combinado é protector. «Pero, en canto ao cancro de cérvix, a toma de anticonceptivos si parece que podería favorecer minimamente a progresión do papiloma causante», engade.

Con todo, non teñen pasado nin dous anos desde que a Agencia Española de Medicamento informou dos riscos dos anticonceptivos con proxestáxenos de terceira xeración (xestodeno e desoxestrol) nas mulleres con antecedentes de enfermidades tromboembólica venosa, infarto de miocardio ou accidentes cerebrovasculares. Estudos da OMS da farmacéutica Schering e da Universidade de Boston corroboraron que as usuarias destas pílulas corren o dobre de risco de trombose. E desde a Clínica Mayo e a Universidade de Minnesota tense demostrado que as mulleres que usaron anticonceptivos orais en EE. UU. antes de 1975 presentaron un maior risco de cancro de mama.

A doutora Valls non dubida: «Cando a menstruación, grazas á mellor nutrición e a posibilidade de planificar os embarazos é unha

realidade mensual para millóns de mulleres, convértese nun indicador do estado de saúde desde a adolescencia, xa que as situacións de estrés físico ou mental, as anemias, as deficiencias nutricionais ou a perda de peso poden alterar o seu ritmo. Se non funciona ben, significa que hai unha alteración metabólica, endócrina, psicolóxica ou social (como estrés). Abolila non elimina os problemas, só se tapan e poden aparecer outros. Dala a persoas con problemas no seu ciclo menstrual falsea o problema. E se non hai molestias, por que dala?

O presidente da Sociedade Española da Contracepción, Ezequiel Pérez Campos, destacaba esta semana que aínda quedan mitos en torno á regra: «Sirve para expulsar malos humores e toxinas» ou «é o gran símbolo da feminidade». Para Valls, non se pode chamar retrógrada a quen quere conservar a regra. É conservador conservar a propia harmonía? É conservador non facer un cambio climático? É iso o que nos molesta ou unha regra abundante, porque todo ao noso redor é estroxénico: os gases dos automóbiles, os insecticidas, os alimentos hormonados e as dioxinas do peixe? Non poden demostrarnos que non terá efectos secundarios, así que os retrógrados son eles. ■

Librería



Michelena

R. Michelena, 22
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería
couceiro



R. República de el Salvador, 9
Tel: 56 58 12 Santiago

CARTELES



Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

Eva está libre de culpa. Eva é inocente.

Nos albores dunha época especialmente conflictiva para a Igrexa Católica, nace unha muller de corpo débil e de mente atormentada, que hoxe retorna coma unha pantasma suxerinte e sacra.

Hildegard de Bingen é santa. Sempre admirei aos crentes, porque, cando menos, teñen a valentía de facer uso da súa imaxinación como o seu interlocutor íntimo. Igual que os artistas. E Hildegard de Bingen foi santa e foi artista. Padeceu no corpo as dores e os praceres do misticismo sendo a única persoa da historia en sufrir éxtases en vixía, ata o punto de poder provocar conscientemente ese estado no que lle asaltaban proféticas visións. Segundo as súas palabras: «Dende o terceiro ano de vida, vin unha Luz tan intensa que cáusame tremor na alma».

E do mesmo modo que o diálogo da imaxinación moitas veces

é falso, tamén o é a reinterpretación do retorno dos espectros. Pero esa falsidade, esa readaptación de mensaxes fóra do seu contexto ou da súa intención orixinal, tamén ten algo de verdade, porque as verdades son efémeras.

Hildegard de Bingen, nata en Bermersheim (Alemaña) en 1098, amais de santa e artista, foi moitas cousas máis: foi compositora, poeta, pintora, bióloga, médica, mística, milagreira, alquimista... E toda ela rexorde no século XXI como unha personaxe atraínte para todos os públicos.

O seu corpo *débil* quebrou con 81 anos, nunha época na que a expectativa de vida non chegaba aos corenta.

A santa facía versos porque mandoullos facer Deus. Era unha muller humilde que foi chamada a denunciar a unha Igrexa corrompida e falta de piedade. En *Scivias* di:

E daquela, aquel que se sentábase no cumio do monte berrou, con

voz forte e penetrante: Oh, fráxil ser humano, que po da terra es e cinza de cinzas: proclama e fala do principio da perfecta salvación ata que a aprendan aqueles que, aínda coñecendo os máis profundos contidos das Escrituras, non os queren dicir nin os queren predicar porque son tépedos e tardos en observar a xustiza de Deus; revela os segredos da mística que eles, temerosos, no seu campo escondido e sen froitos agochan.

Aos 42 anos comeza a súa prolífica produción de textos e na súa obra *Vita* conta unha revelación que lle dá coñecementos musicais, do mesmo modo que lle fora outorgada a comprensión dos libros sagrados «sen ensino humano», segundo ela mesma explica. Con aquela música, Hildegard construía unha ponte para comunicarse coa divindade. Para ela, a arte era a lingua-xe mediadora do ceo e ela deulle voz e cos seus



Sen pecado concibidas

textos revelaba misterios e adiviñaba futuros.

A décima filla dun matrimonio nobre, Hildegard, foi unha nena oblata. Non se sabe se iso foi certo ou se foi unha mentira adaptada á tradición, segundo a que o décimo fillo dun matrimonio había de ser entregado á Igrexa para a servir. No seu oitavo aniversario, foi ofrecida a Deus e á vida espiritual. Se cadra non tanto por azar, senón porque os seus pais vían nela poucas probabilidades para un matrimonio de proveito debido a súa fragilidade. Entra entón na orde Benedictina onde é pechada nunha cela ao coidado de Jutta von Spannheim, que lle dará unha certa formación, aínda que pouco ortodoxa para o que na época era considerada a educación, por suposto, prohibida ás mulleres.

Alí, Hildegard viste de forma austera, non consome carne e bebe cervexa ou viño, costume entendido nos mosteiros da época que gardábanse de tomar auga, case sempre contaminada.

No seu primeiro libro *Scivias*, confesa que non era a súa intención escribir. Era o ano 1141 cando empeza a facelo e é nomeada abadesa do mosteiro de Disibodenberg. Redactaba os seus textos en latín, porque o seu público era o clero e a elite relixiosa. Escribía como unha serva pequena aos poderosos. Adentrouse así nun mundo completamente alleo ás mulleres da súa época. Tocou temas non só prohibidos ás mulleres, senón tamén vetados aos homes, porque reinterpretou a Biblia cando a Igrexa afirmaba que xa todo estaba descifrado. Ela desculpábase dicindo que era inspiración divina e non unha capacidade intelectual esmerada. Decía que non sabía de declinacións, nin de gramática, pero faláballe á xente de poder cando as mulleres eran consideradas inferiores física (por iso as monxas

debían negar a vaidade con máis énfase cos homes), mental e moralmente.

Os seus libros de visións inclúen as súas composicións musicais gregorianas, hoxe aderezadas con diferentes ritmos –dende a música étnica ao *chill out*, até hai quen di que a base da súa música é a mesma do tecno–, e as súas ilustracións, agora apropiadas polo movemento *New Age*.

Pero Hildegard tamén fundou unha teoloxía do mundo feminino, porque vía aspectos femininos nos elementos divinos. Para ela, forza e poder representaban a divindade. Debilidade e humildade, a figura humana feminina. A muller contraponse directamente a Deus, non ao home.

Falaba de sexo moi explicitamente e proclamaba a igualdade entre home e muller. As restricións daquela eran tantas que ata regulaban o sexo nas parellas casadas. Hildegard atreveuse a defender o sexo no matrimonio con contundencia. Nunha época na que para nin as monxas estaba permitido achegarse ao altar, a *santa*¹ afirmaba que unha muller podía ir a misa cando menstruaba.

Non esquecía a xustiza. Daquela as vocacións dependían de problemas sociais ou persoais: os monxes e as monxas eran as xentes de mala saúde, os pobres, os oprimidos. Hildegard, ela mesma unha nena oblata, opúxose ás vocacións de interese. Afirmaba que era o/a implicado/a a quen debía decidir segundo os seus sentimentos e soamente cando tivese idade suficiente para entender as consecuencias dese acto. Quería unha Igrexa máis pura.

¹ Santa Hildegard foi beatificada, mais non canonizada oficialmente pola Igrexa, aínda que o pobo a considera santa e hai un mosteiro consagrado a súa persoa.

Cando interpretaba a Biblia cuestionaba ao clero e o seu dereito á verdade. Condenaba o abuso de poder dos curas e apelaba ao seu sentido da responsabilidade. Durante toda a Idade Media deuse de feito un descontento co clero, mesmo as gárgolas que coñecemos moitas veces mófanse do clero con impudencia. Era un sentimento estendido e explicitado.

Determinou a natureza do home e da muller, dos elementos, das diferentes criaturas e ensinoulle á Humanidade como lle sacar proveito á natureza, que segundo ela, estaba ao noso servizo. Realizou así estudos médicos sobre cosmoxía, botánica, cristais, cosmética e nutrición. Foi tamén a primeira muller en tratar con exhaustividade as



diferenzas entre homes e mulleres, ademais do tema da sexualidade, sen sobrevaloralo nin desprezalo.

Os seus escritos científicos tamén seguían un punto de vista feminino. Chamábanlle a atención as fases da lúa. Escribía como se a muller tamén contribuíse coa súa semente á procreación, en contradición coas crenzas da época. Ata vinculaba a fase da lúa na que nace o bebé con aspectos da súa vida futura.

Fala do desexo sexual entre metáforas e linguaxe clara. Aínda que as mulleres eran consideradas máis luxuriosas cos homes, e de aí a necesidade de vixiar con máis celo a súa conduta, Hildegard ousa aplicar as mesmas metáforas tanto a homes como a mulleres e incluso

chega a tratar o pracer sexual como algo necesario na muller, non soamente para a procreación, tamén para evocar unha unión espiritual.

E esa linguaxe sexuada tamén ilustraba temas máis divinos, do mesmo modo que ocorre máis adiante con outros místicos europeos. *Cáritas*, o amor, aparece deste xeito en *Liber Vitae Meritorum*: «Eu son a esposa amante no trono de Deus, e el non me agocha nada. Eu manteño o leito real e todo o que lle pertence a Deus, tamén me pertence a min».

E mentres traballaba neses libros de ciencias compuxo os seus 77 temas musicais, incluída a súa primeira composición, *Ordo Virtutum*, que ela mesma chamou «sinfonía de revelacións celestiais» e que é o primeiro acto sacramental conservado da historia. As letras da súa música constitúenas os seus poemas e neles as figuras de Eva e María algunhas veces mestúranse indiscriminadamente. Esvaece deste xeito a barreira entre o profano e o divino. Hildegard absolve á muller do pecado e á humanidade do pecado orixinal cando afirma que Eva non pecou, Eva foi enganada e iso líbraa de culpa.

A súa relación coa igrexa foi complexa. Tivo varios conflitos, culminando cando lle dá sepultura no seu mosteiro a un mozo revolucionario excomulgado polo Bispo. Cando lle ordenan que o desenterre, négase e sofre severas consecuencias sendo castigada a non facer música no seu mosteiro ata que é perdoada anos despois.

O certo é que a Igrexa tíñalle medo. Os abades consultábanlle o futuro e ela reveláballes a súa posición ante Deus, é dicir, se estaban camiño da salvación divina ou da condena eterna. Tanta foi a liberdade que lle foi confiada que practicaba exorcismos, cando as mulleres non o podían facer. Na súa época, Hildegard de Bingen foi re-

coñecida como unha profeta. Con 60 anos comeza a recitar sermóns con licenza papal, algo tamén prohibido ás mulleres. E, aínda así, ela segue denunciando ao clero, opoñéndose a excesiva austeridade e á mortificación da carne.

Hildegard tiña unha visión renacentista do coñecemento e buscábo en todos os niveis: naturais, humanos e divinos. Nunha lectura máis crítica, perseguía aos cátaros e aos inimigos da Igrexa. Ben é certo que non todo nunha lectura moderna de Hildegard é ideal, pero nada diso borra a súa valentía textualmente chea de febres e axitacións.

Nun mundo de verdades efémeras, Hildegard rexorde para que a revisemos nun contexto onde o coñecemento é máis democrático, a imaxinación máis fráxil e as mulleres xa nacen sen pecado concibidas. ☒

OBRAS PUBLICADAS POR HILDEGARD DE BINGEN

Scivias (1141-1151)

Liber Divinorum Operum
(1163-1173 / 1174)

Ordo Virtutum (1150?)

Symphonia (1150?)

Litterae ignotae (1150?)

Lingua ignota (1150?)

*Subtilitates diversarum naturarum
creaturarum* (1151-1158)

Physica (1151-1158)

Liber simplicis medicinae
(1151-1158)

Causae et Curae (1151-1158)

Liber compositae medicinae
(1151-1158)

Liber Vitae Meritorum (1158-1163)

Vita Sancti Disibodi (1170)

Vita Sancti Ruperti (1150?)

Explanatio Symboli S. Athanasii (1180)

Explanatio Symboli S. Benedicti (1180)

Máis un amplo corpus de textos
epistolares





Ecofeminismo, soberanía alimentaria, microcréditos



Que é o ecofeminismo?

 ALICIA PULEO

O ecofeminismo é aínda un pensamento e unha praxe pouco e mal coñecidas. Adoita asociarse en exclusiva a unha identificación esencialista de Muller e Natureza. Nada máis erróneo. Como pensamento en pleno desenvolvemento, amosa unha gran variedade e non pode ser etiquetado de maneira burda. O nome ecofeminismo engloba unha serie de correntes e de pen-

sadoras moi diferentes que combinaron as perspectivas críticas do feminismo e da ecoloxía a partir de contextos e preocupacións diversas.

Antes de que se falase de *ecofeminismo*, a escritora sueca Elin Wägner puxo en contacto a emancipación das mulleres co pacifismo e a ecoloxía¹ nos anos corenta do século XX. O termo *ecofeminismo* foi utilizado por primeira vez pola fe-

¹ Para un tratamento desta autora ver LEPPÄNEN, Karina: «En paz con la Tierra», en María Luisa CAVANA, Alicia PULEO, Cristina SEGURA: *Mujeres y ecología. Historia, pensamiento y ecología*. Historia, pensamiento y ecología, Madrid, Al-Mudayna, 2004, pp. 109-118.



minista anarquista francesa Françoise d'Eaubonne.² D'Eaubonne, filla dunha exiliada española, vinculaba a preocupación ecolóxica pola superpoboación do planeta coas demandas feministas do dereito sobre o propio corpo.

Como xurdiu a conciencia ecolóxica feminista

Máis tarde, xa nos setenta e oitenta, en sociedades hiperdesenvoltas, grupos feministas preocupados pola saúde interrogáronse sobre os riscos alimentarios derivados do uso de pesticidas e fertilizantes e sobre os efectos perversos da excesiva medicalización do corpo feminino. Como resultado desta busca dunha xinecoloxía alternativa e holística, hoxe contamos co manual do Colectivo de Mulleres de Boston: *Nuestros cuerpos, nuestras vidas* (última versión castelá actualizada en Plaza & Janés, 2000) que sempre aconsello como instrumento moi útil para a nosa saúde corporal e mental por ser un extraordinario libro de consulta independente das influencias do mercado farmacéutico mundial. Nesta liña, asistimos nos últimos anos a algunhas campañas de redes internacionais feministas que denuncian a vinculación entre o aumento de casos de cancro de mama e a contaminación con xenoestróxenos (substancias semellantes aos estróxenos e que se atopan en pesticidas, dioxinas das incineradoras, produtos de limpeza, plásticos, pinturas, etc.).³

Como pensamento en pleno desenvolvemento, amosa unha gran variedade e non pode ser etiquetado de maneira burda. O nome ecofeminismo engloba unha serie de correntes e de pensadoras moi diferentes que combinaron as perspectivas críticas do feminismo e da ecoloxía a partir de contextos e preocupacións diversas

Outra das raíces do ecofeminismo foi o movemento pacifista de mulleres. Son célebres os campamentos de Greenham Common que conseguiron o peche das bases militares da OTAN a través de lemas que aludían á defensa feminina da vida. Mais algunhas das primeiras formas do ecofeminismo deron unha explicación bioloxicista da guerra e da crise ecolóxica e viron nas mulleres ás salvadoras do planeta fronte á tecnoloxía destrutora concibida como masculina. Este esencialismo que non atendía máis que ás diferenzas entre os sexos, ignorando explicacións históricas de clase, raza e economía e retornando á antiga identificación patriarcal entre muller e natureza, xerou un forte rexeitamento no feminismo maioritario que aposta a nivel mundial pola igualdade entre mulleres e homes. Tampouco foi visto con bos ollos o ecofeminismo espiritualista de corte popular que, a través do culto á deusa, propugnou o panteísmo ou recoñecemento do carácter sagra-

do da natureza. Marcado por esta primeira plasmación, o ecofeminismo foi desestimado e aínda hoxe coñécese pouco o seu desenvolvemento posterior.

Diferentes correntes

Actualmente existen diferentes correntes de teoría ecofeminista. As máis recentes, de carácter deconstrutivista, adoitan autodenominarse *feminismo ecolóxico* para distinguirse das precedentes. Nestas liñas, aplico os termos *ecofeminismo* e *ecofeministas* indistintamente para todas elas. Por razóns de espazo, non poderei referirme ás súas diferenzas conceptuais que xa tratei noutros textos (ver Puleo, 2005). Sinalarei, sen embargo, que

² D'EAUBONNE, Françoise: «La época del ecofeminismo», en María Xosé AGRA: *Ecología y feminismo*, Granada, Ecorama, 1998, p. 42

³ Sobre os xenoestróxenos, pode consultarse en castelán no portal de Internet de Greenpeace *La casa química*.



As teorías ecofeministas construtivistas non identifican as mulleres coa natureza, senón que subliñan que tanto mulleres como homes somos natureza e cultura

é preciso distinguilas do *ambientalismo feminista*, posición que se reduce a unha simple vontade de *xestionar* mellor os *recursos naturais* atendendo ás necesidades do colectivo feminino e sen unha reflexión en profundidade que cuestiona o dominio humano sobre a natureza.

Unha das correntes ecofeministas máis coñecidas é a creada por Vandana Shiva, filósofa altermundialista orixinaria da India, e a socióloga alemá María Mies. Ámbalas dúas centran o seu traballo na miseria das mulleres rurais nos países do Terceiro Mundo, prexudicadas polo *mal desenvolvemento* baseado en pesticidas e monocultivos. Nos seus escritos relaciónase a perda da biodiversidade coa marxinação e desaparición de culturas máis repetuosas da natureza (Shiva, 1996; Shiva e Mies, 1997, 1998). Shiva, pensadora con formación en física nuclear, acuñou o concepto de *mal desenvolvemento* para referirse á exportación interesada cara a países do Sur de formas de produción destrutivas da biodiversidade, centradas no mercado e xeradoras de graves desequilibrios sociais. A través dos seus libros puidemos coñecer o movemento de Chipko.

Este movemento de mulleres rurais do Himalaia xurdiu como unha defensa dos bosques comunais en nome do principio feminino da natureza e da noción de *satyagraha* (forza da verdade) e resistencia non violenta de Gandhi. Durante meses, as súas activistas abrazáronse ás árbores e montaron garda para impedir que os talasen. Este exitoso movemento ampliou máis tarde a súa acción á loita contra a violencia de xénero e a favor da participación política das mulleres.

Tamén en América Latina existen pensadoras e grupos de mulleres ecofeministas. Cabe destacar a preocupación da teóloga brasileira Ivone Gebara (Gebara, 2000) polos efectos da destrución medioambiental nas mulleres pobres e os seus fillos, os pobos indíxenas e os animais silvestres. A rede de pensamento latinoamericano ecofeminista *Cons-pirando* (xogo de palabras entre *conspirando* e *respirando xuntas*) reúne grupos de Perú, Bolivia, Costa Rica, Venezuela, Arxentina e Uruguai, entre outros. Este ecofeminismo católico (Ress, 2006) pretende abandonar unha imaxe de deus aloxada nos ceos e superar o desprezo ao cor-

po, busca o empoderamento das mulleres latinoamericanas e chama a concibir a transcendencia como respecto e recoñecemento do sublime na natureza.

Somos natureza e cultura

As teorías ecofeministas construtivistas non identifican as mulleres coa natureza, senón que subliñan que tanto mulleres como homes somos natureza e cultura. Por isto, proceden a unha revisión crítica dunha serie de dualismos que subxacen á persistencia da desigualdade entre os sexos e á actual crise ecolóxica. O seu análise das oposicións natureza / cultura, muller / varón, animal / humano, sentimento / razón, materia / espírito, corpo / alma mostrou o funcionamento dunha xerarquización que desvaloriza as mulleres, a natureza, os animais, os sentimentos e o corporal, ao tempo que identifica o varón coa razón e a cultura. O dominio tecnolóxico do mundo sería o último avatar deste pensamento *antropocéntrico* (que só outorga valor ao humano) e *androcéntrico* (que ten por paradigma do humano ao masculino tal como foi construído social e historicamente por exclusión das mulleres). Incorporando as achegas do pensamento de Carol Gilligan e doutras teóricas da ética do coidado, móstrase que o desprezo de certos valores (empatía, coidado...), relegados á esfera feminizada do doméstico, conduciu a humanidade a unha carreira suicida de enfron-



tamentos bélicos e de destrución do planeta. Como vemos, pode dicirse que a ecoloxía abriu novas temáticas no feminismo, pero tamén que as análises teóricas en clave feminista constitúen achegas explicativas sumamente enriquecedoras do pensamento ecoloxista.

Cada vez queda máis claro que as voces das mulleres e do feminismo deben ser escoitadas na crise ecolóxica que afronta o século XXI. Como sinalou a filósofa Karen Warren: «Un tema feminista é calquera tema que contribúa dalgunha forma a comprender a opresión das mulleres [...] A degradación e explotación medioambiental son preocupacións feministas porque unha comprensión destas contribúe a unha comprensión da opresión das mulleres».⁴

Non se trata de que as mulleres nos erixamos en salvadoras do planeta realizando unha nova mostra de abnegación feminina. É posíbel combinar a preocupación ecolóxica con políticas de empoderamento do colectivo feminino. Para isto, é preciso impulsar a conciencia ecolóxica e impulsar movementos ambientais liderados por mulleres, así como facilitar e apoiar iniciativas de emprego para as mulleres compatíbeis coa sustentabilidade. Se a preocupación pola natureza se canaliza cara á xeración de novos xacementos de emprego, xa non se trataría de apelar o proverbial espírito de sacrificio feminino.

O ecofeminismo representa o contacto de dúas formas de pen-

samento e praxes imprescindíbeis na nosa época. Na medida en que aumente a conciencia ecolóxica da poboación, aumentará o número de ecofeministas. E o ecoloxismo gañará espazo entre as mulleres se atende as súas aspiracións de igualdade, a súa sensibilidade e a súa perspectiva crítica. Un reto e unha esperanza para os tempos do cambio climático. ☒

Bibliografía

- AGRA, María Xosé (comp.): *Ecología y feminismo*, Granada, Comares, 1997.
- CAVANA, María Luisa, Alicia PULEO, e Cristina SEGURA: *Mujeres, ecología, sociedad*, Madrid, Al-Mudayna, 2005.
- GEBARA, Ivonne: *Intuiciones ecofeministas. Ensayo para repensar el conocimiento y la religión*, trad. Graciela Pujol, Madrid, Trotta, 2000.
- KELLY, Petra: *Por un futuro alternativo*, trad. Agustín López e María Tabuyo, Barcelona, Paidós, 1997.
- MIES, María, e Vandana SHIVA: *La praxis del ecofeminismo. Biotecnología, consumo y reproducción*, trad. Mireia Bofill e Daniel Aguilar, Barcelona, Icaria, 1998.
- PLUMWOOD, Val: *Feminism and the Mastery of Nature*, London- New York, Routledge, 1993.
- PULEO, Alicia: «Género, naturaleza y ética», en José María GARCÍA GÓMEZ-HERAS, , Carmen VELAYOS CASTELO: *Tomarse en serio la naturaleza: Ética ambiental desde una perspectiva multidisciplinar*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2004, pp. 97-114.

— : «Gender, Nature and Death», en Elisabeth SOTELO: *New Women in Spain*, New York, 2004.

— : «Del ecofeminismo clásico al deconstructivo: principales corrientes de un pensamiento poco conocido», en Celia AMORÓS, e Ana DE MIGUEL (eds.), *Historia de la teoría feminista. De la Ilustración a la globalización*, Madrid, Minerva, 2005, pp. 121-152 .

RESS, Mary Judith: *Ecofeminism in Latin America*, New Cork, Orbis Books, 2006.

SABATÉ, Ana, e Magali MARTÍNEZ: *Mujeres, medioambiente y desarrollo rural*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid, 2004, pp. 135-150.

SHIVA, Vandana: *Abrazar la vida. Mujer, ecología y desarrollo*, trad. Instituto del Tercer Mundo de Montevideo (Uruguay), Madrid, Horas y Horas (Col. Cuadernos inacabados, 18), 1995.

VELAYOS, C., A. BARRIOS, e T. LÓPEZ DE LA VIEJA (eds.): *El feminismo ecológico*, Salamanca, Universidad de Salamanca (Col. Aquilafuente), en prensa.

VV. AA.: «Mujer y ecología: ¿Una relación contra natura?», *Mientras tanto* (Barcelona), núm. 65 (monográfico, 1996).

Sitios web ecofeministas ou con información sobre ecofeminismo:

<http://www.mujaresenred.net>

<http://www.farinc.org/>

<http://www.womenandlife.org>

⁴ WARREN, K.: «El poder y la promesa de un feminismo ecológico», en María Xosé AGRA: *Ecología y feminismo*, Ecorama, Granada, 1997, p.120.



A era post-patriarcal: a viabilidade da utopía ecofeminista

–Vaia civilización! –exclamou sen alzar a voz e tratando de conter o seu entusiasmo–. Nin en Alemaña vin bosques tan ben coidados. Fixádevos, non se ve nin unha rama morta... As rubadeiras parecen medrar controladas! E mirade por aquí.... –parouse a examinar os arredores, obrigando a Jeff a inspeccionar as árbores.

(Charlotte A. PERKINS GILLMAN: *O país de Elas*)

 SALETA DE SALVADOR AGRA

A visión utópica dunha sociedade humana integrada harmonicamente co medio ambiente é, neste pequeno fragmento, froito dunha construción imaxinaria, pero podería ter a utilidade de servir como unha guía para traballar cara a un mundo mellor. Charlotte Perkins Gillman foi unha das autoras que imaxinou un país só gobernado e habitado por mu-

lles. Os exploradores, os rapaces protagonistas da novela, ficaron abraiados ao descubrir, nun lugar recóndito do planeta, un tipo distinto de sociedade igualitaria e pacífica. Esta novela utópica, *Herland* (1915), que alberga unha innovadora teoría sociolóxica, cobra especial interese pola incisiva sátira á sociedade norteamericana do seu tempo (principios dos anos vinte).

Mais o que aquí nos interesa subliñar é o carácter da utopía como un horizonte sen lugar fixo en ningunha parte, *ou-topos*, e sen posición espazo temporal, *ou-cronos*, do que sería posíbel extraer ideas reguladoras que dirixisen a nosa praxe. Xa que, o utopismo, ao darlle liberdade á mente permite, como sostén Alicia Puleo, «transcender a realidade do presente e proxectar



[...] no movementu ecofeminista estivo moi presente a práctica do problema, mulleres-natureza, como unha forza reconstrutora da narrativa teórica. Varios foron os grupos que conectaron moi estreitamente a teoría cun activismo político

un futuro mellor»¹ cara a onde orientar esforzos. A audacia da utopía reside nesa posibilidade de crear unha distancia crítica coa experiencia actual, porque ao traspasala facilita non só idear un proxecto por facer, senón cuestionar a contemporaneidade. En todo caso, a cuestión central, para ir facendo camiño, será saber se o horizonte que se pretende acadar é xusto e viábel, para determinar e concretar entón cales serían os parámetros ético-políticos que servirían como referencia á acción ecofeminista.

Dende o inicio, no movementu ecofeminista estivo moi presente a dimensión práctica do problema, mulleres-natureza, como unha forza reconstrutora da narrativa teórica. Varios foron os grupos que conectaron moi estreitamente a teoría cun activismo político, como «unha aproximación alternativa, transformadora do desenvolvemento que incluíría formas de pensar as cousas e formas de acción sobre elas».² Na primeira conferencia

que se realizou en materia ecofeminista, «Mulleres e Vida na Terra» de 1980, organizada na cidade de Amherst coa finalidade de debater e difundir estas incipientes ideas, unha das organizadoras, Ynestra King, pronunciaba unha conferencia onde afirmaba que «o ecofeminismo trata da conexión e a integración da teoría e a práctica»³ e, continuaba declarando que «somos un movemento que se identifica coas mulleres e cremos que estamos chamadas a cumprir unha tarefa especial nestes tempos que corren». Seguindo as verbas de King, en novembro do mesmo ano en que se celebraba a conferencia, un nutrido grupo de mulleres mobilizáronse baixo o rótulo «Acción do Pentágono das mulleres». O día 17 daquel novembro de 1980, miles de mulleres estadounidenses cercaron o complexo militar do Pentágono nun acto transgresor como manobra de loita contra o símbolo máis devastador do neocapitalismo. Fronte á política militar-armamentística dos EE. UU., este

equipo de perturbadoras pacifistas formaron unha roda humana que bordeaba todo o edificio, representando un xigantesco abrazo, manifestándose así en pro da vida e da natureza e en contra de todas as catástrofes derivadas de estragos medio ambientais e dos conflitos bélicos.

Nesta mesma liña de actuación, dende o 28 de agosto ao 5 de setembro do 1981 centos de mulleres inglesas comezaron unha marcha dende Cardiff (Gales) ate a base militar estadounidense da Greenham Common, en Inglaterra. Cando chegaron á base acordaron asentarse en campamento para protestar pola decisión dos EE. UU, de enviar mísiles de cruceiro a Inglaterra, sen o consentimento do Parlamento británico, á Greenham Common. Instaláronse nun primeiro campamento denominado «Porta Amarela» e a medida que se afiliaba nova xente foron xurdindo arredor del outros campamentos.

¹ PULEO, A.: «Género, natureza y ética», en J. M. ^a GÓMEZ HERAS e C. VELLAYOS CASTELO (COORDS.): *Tomarse en serio la naturaleza. Ética ambiental en perspectiva multidisciplinar*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2004, p. 120.

² ARGAWAL, B.: «El género y el debate mediambiental: Lecciones desde la India», en M. ^a X. AGRA, (comp.): *Ecología y Feminismo*, Granada, Comares, 1998, p. 225.

³ SHIVA, V., e M. MIES: *Ecofeminismo. Teoría, crítica y perspectivas*, Barcelona, Icaria, 1997, p. 26.



A súa loita pacífica, que pretendía pechar a base militar e reconvertera en terra cultivábel e comunal, arribou a bo porto o 14 de setembro de 1997, logo de trece anos de intensa actividade non violenta.

Diversos son os exemplos de loita subversiva, de insubordinación á política mundial dende os seus contextos particulares. Por mencionar os máis significativos destacan: na India, o movemento das mulleres de Chipko ou o proxecto de Navdanya, como alternativas reais ao sistema. As mulleres de Chipko, mulleres rurais da morada das neves do Himalaia, son unha mostra de movemento político horizontal que combate por devolverlle a vida á terra respectando a biodiversidade. Abrazándose ás árbores expresaron a súa insubmisión, alertando, ao mesmo tempo, sobre as consecuencias nefastas que se derivan dun xeito de gobernar que, se non se para, nos está a dirixir a tod@s por un camiño desastroso. O quefacer das multinacionais e das políticas do libre comercio foi denunciado en *La cosecha robada* de Shiva, que é a encargada do programa de Navyanda. O espantoso saqueo e roubo de sementes aos campesiñ@s indi@s que, mediante a enxeñaría técnica e as patentes, están levando a cabo os países occidentais, é o obxecto da loita dese proxecto que fomenta as economías locais agrícolas. En Kenia, o Movemento do Cinto Verde⁴ liderado pola pacifista Wangari Maathai conseguiu, baixo unha

visión de desenvolvemento sostíbel, reunir, a finais dos anos setenta, a un copioso grupo de labregas para que plantasen árbores contra a erosión do chan e garantir así a súa subsistencia. En Ecuador, a participación das mulleres indíxenas en movementos sociais para o desenvolvemento local é moi nutrida. Un dos proxectos máis sólidos, levado a cabo por mulleres, é o UNOCAM; unha rede na que varias comunidades rurais ecuatorianas desenvolven políticas agrícolas acordadas co medio e que están logrando mellorar a calidade de vida das mulleres e do campo. Finalmente, cómpre aludir a unha cooperativa comunitaria de Tokio como mostra empírica de agricultura ecolóxica. O grupo denominado Club Seikatsu de Xapón, fundado en 1965, naceu da preocupación de nais e amas de casa xaponesas pola alimentación que lles estaban a dar aos seus/súas fill@s. Unha reacción provocada pola enfermidade de Minamata⁵ que asolou Xapón en torno aos anos cincuenta. Ata 1968 o goberno non anunciou a causa oficial da enfermidade, que era debida á inxestión de marisco e peixes contaminados de mercurio vertidos pola empresa petroquímica Chisso. Dada a incerteza que tiñan sobre o leite e demais produtos que estaban consumindo @s seus/súas nen@s, estas emprendedoras comezaron por comprar elas mesmas aos agricultores sen intermediarios, e remataron por crear unha cooperativa de alimentos de produción

agraria sostíbel que beneficiase e protexese tanto os consumidores como o entorno natural.

Todos estes grupos, e moitos máis que non citamos aquí pero que existen, representan unha contestación enérxica e firme á sociedade consumista e individualista na que habitamos. Son expresións efectivas, ao marxe do sistema imperante, dunha «perspectiva que parte das necesidades fundamentais da vida».⁶ Propostas de subsistencia que transmutan as opresivas categorías de natureza e ser humano, dende políticas sociais concretas impulsando a interdependencia e un traballo acorde coa diversidade. Porque ante a acelerada crise ecolóxica tórnase necesario unha nova teoría política. Pero non só é imprescindible reflexionar sobre a relación cara á natureza dentro da teoría política actual, senón que é irremediábel propoñer vías de escape prácticas que retarden un proceso vertixinoso que afecta en maior medida á natureza e ás mulleres. Holland-Cunz, unha das grandes teóricas do movemento, así o pensou cando insistiu en que os conceptos de hu-

⁴ Actualmente este movemento actúa en doce países africanos grazas á difusión dada desta recoñecida activista.

⁵ Denominada así pola cidade Minamata (Xapón), o núcleo da intoxicación.

⁶ V. SHIVA, e M. MIES, ob. cit., p. 35.



manidade e de natureza son conceptos políticos. Ela defendeu categoricamente a necesidade de conectar a teoría ecofeminista co pensamento político o que a levou a *re-conceptualizar* os conceptos e a executar accións prácticas como a de escoitar as *minorías sen voz* (ecofeministas) dentro das propias minorías sen voz (feministas), para rescatar o sentido de compromiso ecolóxico que aquelas defenden.

A nova irmandade entre ecoloxía e feminismo florece como movemento social, co lema «o natural é político»,⁷ contra unha estrutura que, encuberta baixo as categorías de sexo, natural, social, clase ou especie, condiciona as nosas relacións e os nosos sistemas de valores. O activismo político maniféstase, pois, como un elemento crucial na transformación social ao evidenciar os riscos dos valores patriarcais e a ameaza que supón o paradigma vixente de desenvolvemento. Uns perigos que desembarcan no que hoxe denominamos crise ecolóxica, como un conxunto de fenómenos variados entre os que cómpre subliñar: o gradual aumento do deterioro do contorno natural, a escaseza de recursos e materias primas, a diminución da capa de ozono, a desertización, os desequilibrios Norte / Sur, a feminización da pobreza ou o tan soado cambio climático. Todos fenómenos claramente ligados ao quefacer humano que nos están levando cara a un camiño sen retorno.

Todos estes grupos, e moitos máis que non citamos aquí pero que existen, representan unha contestación enérxica e firme á sociedade consumista e individualista na que habitamos. Son expresións efectivas, ao marxe do sistema imperante, dunha «perspectiva que parte das necesidades fundamentais da vida»

No intento de indagar e de dar unha resposta ao problema ecolóxico e feminista, cómpre non só practicar a desobediencia civil ou diferentes actos de protesta, senón cuestionar unha razón humana que ou dorme ou está ensimesmada, polo que recordando a Francisco de Goya, só está a producir monstros. Por isto as obxeccións ao sistema actual deben vir articuladas dende unha razón práctica que examine e analice os presupostos subxacentes á crise. Isto é, tórnase necesario dar unha resposta dende a reflexión ética e política, cuestionando o noso modo de vida e de consumo porque «sabemos que as persoas non son contaminantes de por si, como se pretende facernos crer».⁸ Se pretendemos albergar a idea dun mundo humano que se abra cara a un futuro humano é preciso que a praxe ecofeminista, dende un novo marco ético, teña en conta, como nos di Alicia Puleo, os «dereitos humanos de terceira xeración, é dicir, os aínda non recoñecidos dereitos á paz e a un medio ambiente san».⁹

A proposta dunha ética ecofeminista baseada na responsabilidade moral ante nós mesm@s e ante a sociedade e a natureza, foi desenvolva pola construtivista Karen Warren, quen, nunha tentativa de presentar unha teoría feminista que respecte a vida e a natureza, sintetizou en oito os elementos básicos que debe ter presente unha ética que pretenda ser ecofeminista, a saber:

1. O rexeitamento total a calquera *ismo* como forma de represión. Abolir o sexismo, o racismo, o clasismo e o naturalismo, así como os dualismos hexemónicos do pensamento oc-

⁷ Plumwood parafraseando o lema do feminismo dos setenta, «o persoal é político» dinos que o ecofeminismo como movemento social traballa baixo a idea de que «o natural é político».

⁸ ORTIZ, P.: «Mujeres con los pies en la tierra», en M.^a L. CAVANA, A. PULEO, C. SEGURA (coords.): *Mujeres y ecología: Historia, pensamiento, sociedad*, Madrid, Al-Mudayna, 2004, p. 321.

⁹ PULEO, A.: «Género, naturaleza y ética», ob. cit., p. 113.



Con todo, e para que a ética ecofeminista se converta no «poder e na promesa do ecofeminismo», non bastará con deconstruír os dualismos culturais, senón que posteriormente será necesario reconstruír dende a praxe política

cidental que ligaron o home coa razón, coa cultura e co espírito fronte a muller-emoción-corpo.

2. Ter presente o contexto para emitir un xuízo moral; é dicir, unha ética contextualista que sexa capaz de empatizar co punto de vista d@ outr@, recoñecendo as súas circunstancias concretas.

3. Abrir o campo moral ao resto dos seres. Unha ética plural que dea voz a tod@s ampliando a comunidade moral á natureza e aos animais non humanos.

4. A defensa dunha teoría ética procesual que estea aberta e sexa susceptible ao cambio.

5. Unha ética da inclusividade que garanta e que escoite a voz d@s oprimid@s.

6. Abandonar unha pretensión de obxectividade falaz, que sitúa o universal por riba dos individuos.

7. Na liña dunha ética do coidado, revalorizar os valores desestimados polo patriarcado como a amizade, o coidado, o amor...¹⁰

8. Por último, e deducíndoo das anteriores premisas, *reconcep-*

tualizar o humano, modificando as súas relacións c@s outr@s que son, en definitiva, integrantes e constitutivas do eu humano.

Con todo, e para que a ética ecofeminista se converta no «poder e na promesa do ecofeminismo»,¹¹ non bastará con deconstruír os dualismos culturais, senón que posteriormente será necesario reconstruír dende a praxe política. Desfacernos da «vergoña prometeica»¹² para dar cabida á posibilidade dunha sociedade post-patriarcal ten necesariamente que pasar por cambios ético-políticos e epistemolóxicos. Entendemos que o imperativo ético ecofeminista é unha resposta axeitada que se dirixe cara á acción pública política e non só cara ao comportamento privado. É dicir, non se queda só na boa vontade individual de «obrar de tal modo que a nosa máxima se converta en lei universal», senón que insiste na necesidade de dar o salto á esfera política para dar unha contestación firme a unha crise medioambiental que ten como principais vítimas as mulleres e á natureza. A viabilidade da utopía ecofeminista terá, pois, que transi-

tar contracorrente apostando por unha sociedade ecolóxica antidualista que, desfacéndose das lentes antropocéntricas e androcéntricas, se aproxime a un biocentrismo. Promover e dar a coñecer actividades que descentralicen o Poder, en maiúsculas, favorecerá a reinventar unha sociedade que permita a posta en práctica do novo paradigma ecofeminista. **6**

¹⁰ No pacífico *Pais de Elas*, tódolos principios éticos estaban baseados no Amor. Curiosamente, a súa ética non contiña teorías «sobre a contraposición esencial entre o ben e o mal; para elas a vida era crecemento; o pracer e o deber consistían simplemente en medrar», p. 218.

¹¹ WARREN, K.: «El poder y la promesa de un feminismo ecológico», en M.ª X. AGRA (comp.), ob. cit., p. 146.

¹² Termo de Günter Anders co que quere poñer de manifesto que o lume, entendido como capacidade técnica de transformar a natureza, non liberou a Prometeo das cadeas, senón que fixo que a técnica puidera dominar á natureza.





Entrevista a

N. Manimekalai

☞ NADIA ÁLVAREZ FERNÁNDEZ

Entrevistamos á N. Manimekalai, doutora en economía, directora do Centro de Estudos das Mulleres da Universidade de Bharathidasan en Tiruchy, na rexión de Tamil Nadu na India, dende hai tres anos. O Centro de Estudos das Mulleres creou un máster de xénero; organizou un departamento de orientación e asesoramento ás mulleres que queiran comezar unha actividade empresarial; realiza cursos de sensibilización en xénero para persoal de oenegués, profesorado, estudantes...; puxo en marcha clubs de xénero en diferentes facultades da universidade co obxectivo de sensibilizar sobre a desigualdade de xénero e analizar as representacións das mulleres nos medios.

Veu a Galiza do 10 ao 24 de abril para expoñer o impacto sobre as mulleres dos diferentes tipos de microfinanzas e para falar da situación de xénero no

estado de Tamil Nadu na India, convidada pola asociación Implicadas no Desenvolvemento. Esta é unha Organización Non Governamental de desenvolvemento, apartidaria e aconfesional que actúa en Galiza para concienciar á sociedade galega sobre os problemas do Sur e apoiar proxectos de desenvolvemento integral no sur da India e Etiopía (que se atopan entre as zonas máis pobres do mundo). Estes proxectos teñen como obxectivos: superar a discriminación de xénero; apoiar ás comunidades para que poidan mellorar a súa situación a través da formación e capacitación; mellorar as condicións sanitarias e alimentarias da poboación. N. Manimekala é asesora de xénero dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas no Desenvolvemento apoia na India.

Graciñas á imprescindible colaboración de Andrea Abreu, intérprete da entrevista.

O microcrédito historicamente é unha metodoloxía estendida na India, hai programas do Goberno e asociacións non gobernamentais. Yunus financia a grupos de mulleres que se xuntan para dar crédito entre elas, primeiro en Bangladesh en áreas rurais e logo nas áreas urbanas



A: Que labor realiza o Centro de Estudos das Mulleres da Universidade de Bharathidasan?

NM: Traballan en tres áreas:

- ▶ Ensinanza universitaria, cursos a mulleres da universidade.
- ▶ Investigación, estudos na universidade sobre a situación das mulleres.
- ▶ Aplicación dos estudos na realidade, sensibilización dos problemas do patriarcado, información das prácticas discriminatorias do Goberno e financiamento de estudos realizados por axencias externas con perspectivas de xénero, sobre temas moi variados, infanticidio, mulleres e globalización, seropositivas...

A: En que consiste a iniciativa dos grupos de aforro?

NM: O microcrédito historicamente é unha metodoloxía estendida na India, hai programas do Goberno e asociacións non gobernamentais.

Yunus financia a grupos de mulleres que se xuntan para dar crédito entre elas, primeiro en Bangladesh en áreas rurais e logo nas áreas urbanas. Apoian a mulleres que queren montar un pequeno negocio. Son fundadora dunha asociación de mulleres autoempregadas. Apoiamos a mulleres que queren montar un pequeno negocio, con formación empresarial sobre xestión do negocio, asesoramento

na busca de financiamento, facilidades de acceso á crédito, estudos sectoriais de oportunidades de pequenos negocios, facilidades para saír ao mercado (marketing).

A iniciativa dos microcréditos de Implicadas no Desenvolvemento son diferentes. PDI achega unha perspectiva de xénero, o obxectivo é capacitar ás mulleres dende unha perspectiva feminista. Fomentamos a independencia para as mulleres, que non sexan dependentes. Isto funciona, polo que os bancos achéganse aos grupos de aforro para aumentar os créditos.

A presidenta de Implicadas no Desenvolvemento vai alí a ver o proxecto e avaliar e mellorar a iniciativa. Traballan en Tamil Nadu coas comunidades de mulleres máis pobres.

A: Como chegan ás mulleres?

NM: O Centro de Estudos das Mulleres da Universidade e as ONG contactan coas mulleres para tratar os temas de xénero. As asociación fan formación e traballan coas mulleres de base. Fan obradoiros de sensibilización. Fan campañas na prensa e nos medios de comunicación.



Os efectos [...] Na educación de nenas e nenos. Antes non completaban a educación primaria, agora existe unha sensibilización da importancia de rematar os estudos. Máis recursos para chegar á educación superior. Ademais xa non hai nenos e nenas que teñan que traballar. Tamén, en programas de apoio a nenas que deixaron á escola

A: Funcionamento dos grupos de aforro?

NM: Os grupos de aforro que crean as mulleres xúntanse de forma semanal, aforran rupias á semana e vanse emprestando entre elas. Os préstamos son para alimentación, gastos de primeira necesidade, educación para as fillas, investimento para ter unha cantidade aforrada, autoemprego, financian microempresas, para emerxencias, dotes para as fillas cando se casan, emerxencias sanitarias. Os grupos de aforro das mulleres serven como aval para o banco.

Piden préstamos máis grandes ao Banco Central a baixos tipos de xuro, un 10 % fronte ao 60 ou 70 % que conceden sen o aval dos grupos de aforro. As mulleres pobres si que devolven e teñen servizos financeiros.

A: Cales son os efectos?

NM: Os efectos son cuantitativos, hai 1200 grupos de 20 mulleres (segundo as estatísticas oficiais, as ONG dobrarían esta cifra), 24.000 habitantes en Tamil Nadu (hai un total de 60.000.000 de habitantes en Tamil Nadu). Na educación de nenas e nenos. Antes non completaban a educación primaria, agora existe unha sensibilización da importancia de rematar os estudos. Máis recursos para chegar á educación superior. Ademais xa non hai nenos e

nenas que teñan que traballar. Tamén, en programas de apoio a nenas que deixaron a escola.

Estase producindo un cambio nas mulleres, son máis conscientes do seu dereito. Comezan a organizarse, é un efecto moi importante. Protestan. Reivindican que o Goberno lles dea infraestrutura: comedor, instalacións veciñais... Diminúe a taxa de violencia contra as mulleres. Evitan problemas como a dote, cantidades polo pago que significa o paso de propiedade da súa familia a propiedade da familia do home. Están participando politicamente. ☑

PUBLICIDADE

Necesidade e pobreza segundo Vandana

ANNA CERVERA IGLESIAS*

Resumo:

As sociedades neoliberais esixen un nivel de produción e consumo insostible para o planeta. Occidente deseñou e exportou ao resto do mundo, unha estrutura económica e social insostible e immoral. O desenvolvemento para todos, tal e como se entendeu ata agora, non só non é posible senón que é insuficiente. Cómpre desenvolver unha ética da autocontención que non necesariamente ten que nos levar cara o empeoramento das condicións de vida, aínda que si á reflexión sobre esas necesidades. O concepto de benestar é cultural. Está forxado na dinámica dunha estrutura social, política e económica determinada. Consecuentemente, os conceptos de pobreza e necesidade, tamén o son. É o momento de volver os ollos a outras voces do planeta e reformular a posibilidade da necesidade como unha saída económica e moral ao colapso ecolóxico e social que vivimos. Iso é o que ofrece a física e filósofa india Vandana Shiva.

* Profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Humanidades (Campus de Lugo), Depto. de Lóxica e Filosofía Moral (annacer@lugo.usc.es).



Shiva

A estrutura socioeconómica que deseñou Occidente e que exportou ao resto do mundo, baixo a aparencia de incontestable, é cientificamente insostible ademais de ser eticamente inmoral

1. É necesaria a pobreza?

As sociedades occidentais actuais, as chamadas sociedades do benestar, viven un nivel de consumo, tanto no referente a elementos materiais como a recursos enerxéticos e biolóxicos, insostible.

As necesidades básicas de Occidente, cada vez menos básicas e máis creadas, aumentan a un nivel vertixinoso. A case totalidade destas necesidades é material ou está relacionada coa posesión de obxectos materiais. O ritmo de requirimento é tan acelerado que as solucións tecnolóxicas non son quen de cubri-lo. As sociedades do benestar vense na tesitura de ter que aumentar continuamente a súa produción e eficacia para satisfacer o nivel de vida e o ansia de mellorala dos seus habitantes.

Pero este tipo de desenvolvemento non é gratuito, ten un custo real: o subdesenvolvemento doutras partes do planeta. A riqueza e abundancia que abandeira Occidente, é a miseria e o atraso do resto. A estrutura socioeconómica que deseñou Occidente e que exportou ao resto do mundo, baixo a aparencia de incontestable, é

cientificamente insostible ademais de ser eticamente inmoral. É momento de admitir que o desenvolvemento para todos, tal e como se entendeu ata agora, non é posible e, xa que logo, debemos desenvolver unha ética da autocontención que non necesariamente ten que farnos de empeoramento das condicións de vida aínda que si de reflexión sobre as necesidades reais.

2. O concepto de pobreza de V. Shiva

O primeiro problema que nos aparece cando intentamos acoutar o significado da pobreza é a súa definición. Non existe unha definición obxectiva do que é pobreza. Todo o contrario, a pobreza é un concepto cultural, e como tal está forxado nas prácticas, costumes e cosmovisións dos pobos. Xa que logo habería tantas definicións de pobreza como xeitos de entender o mundo e, o que para algúns pobos é pobreza, estaría moi lonxe de se-lo para outros.

As culturas do benestar, coas súas economías neoliberais, forxaron unha idea de pobreza, material, que se concreta en elementos co-

mo: ausencia de comida, de casa, de pertenzas básicas e téñena universalizado impondo o seu persoal e parcial xeito de ver o mundo a boa parte dos habitantes do planeta. Como ademais lles era necesario taxala coa máxima precisión posible, o Banco Mundial encargouse de establecer en 1985 un criterio de referencia obxectivo que se baseaba na relación consumo-ingresos (dúas dimensións materiais que só poden medir a posesión de cousas) e estableceu o limiar de pobreza en 1\$ por persoa e día

A física e filósofa india, Vandana Shiva, proponnos, ao longo da súa obra, unha idea distinta de pobreza baixo o epígrafe de *reino da necesidade*, que se afasta desta visión occidental. Shiva reivindica a ineludible experiencia de certo grao de necesidade. Esta non ten nada que ver con pasar fame ou renunciar á cultura, a saúde ou o traballo. A autora india separa a subsistencia á que todo individuo ten dereito, da privación que considera necesaria dadas as condicións actuais do planeta. A carencia, á que Occidente teme como a un dos seus peores demos, non debe ser



Shiva, a maiores, encárgase de poñer de manifesto outro tipo de pobreza que Occidente é incapaz de reconecer. Trátase da pobreza cultural e moral. Unha pobreza que, de poder ser medida e computada, había de ser máis abundante canto máis desenvolvida fose unha sociedade

entendida como miseria, senón como depuración das necesidades básicas do individuo.

Occidente encargouse de confundir todos estes conceptos utilizándoos como sinónimos, pero Shiva reivindica a especificidade de cada un deles: é necesario separar a parte cultural do concepto de pobreza da experiencia material de pobreza como resultado da desposesión e a miseria absolutas.

Shiva denuncia co concepto xeneralizado de pobreza está baseado en dous grandes mitos que Occidente se encargou de crear e estender por todo o mundo: a confusión entre as nocións de crecemento e opulencia, e a separación irreconciliable das figuras do consumidor e do produtor.

1. Occidente entende o desenvolvemento como a acumulación de capital nunhas poucas mans que irá xerando riqueza para o resto. Establece o crecemento de xeito absoluto, nun cómputo enganoso da súa estrutura económica que magnifica as ganancias e oculta as perdas. Estas perdas da economía neoliberal, non lle son nunca

imputadas: non se relaciona o desenvolvemento do Norte co deterioro e pobreza do Sur. Todo o máis considéraselles danos colaterais inevitables que irán desaparecendo así que aumente o progreso, nun empeño obstinado de ofrecer, xustamente, a orixe do mal como a solución.

2. Por outra banda, a economía neoliberal deu en referir toda produtividade ao mercado. Así toda aquela produción que non entre no mercado mundial e que non xere ingresos económicos, non é considerada produción. Calquera actividade económica que non xere diñeiro é atrasada e inservible aínda que sexa totalmente compatible coa saúde do medio en que se desenvolve e co benestar do grupo social que a leva a cabo. Esa estrutura económica é susceptible de ser manipulada e destruída en aras dun progreso que case nunca chega ao grupo. Froito desta confusión de conceptos, para Occidente, é pobre todo aquel que está fóra da liña de desenvolvemento oficial, todo aquel que non participa da eco-

nomía de mercado, ben producindo, ben consumindo; é pobre todo aquel que consome aquilo que produce, aquel que non accede aos produtos cultivados a miles de quilómetros de onde el reside, aquel que non malgasta, aquel que ten necesidades.

Sinala Shiva que é, xustamente, o concepto de necesidade a base do erro en que se moven as sociedades occidentais. Confundir a necesidade coa pobreza é algo forxado culturalmente. Para Occidente sempre que hai necesidade é porque existe certo grao de pobreza: a máis necesidades, máis pobre. A pobreza combátese, pois, emendando as necesidades.

Pero para a nosa autora, as estreitas marxes coas que Occidente define pobreza son erróneas. As economías que satisfán as súas necesidades básicas a través do autoabastecemento, non son pobres, son alternativas e sostibles; aínda que a ideoloxía do desenvolvemento as declare ineficaces e inviables para saír da pretendida pobreza, e exerce o dereito a destruílas. Fabricar as propias casas e vestidos a partir de elementos naturais e apropiados que se atopan no seu medio máis inmediato, non significa ser pobre porque non se ten opción a facelo doutro xeito, é utilizar óptimamente os recursos de que se dispón mantendo unha actitude responsable e sustentable co medio. Consumir os produtos inmediatos da terra que precisan un ache-



gue mínimo de enerxía tanto en produción como en distribución e que posúen o máximo de propiedades organolépticas por ser frescos, por estar colleitados no seu punto óptimo de maduración e por estar adaptados á actividade dunha poboación, non é privación ou carencia, é saber sacar o máximo partido ao mínimo custo. É un milagre da economía. En ningún momento deberíamos falar de carencias.

Shiva, a maiores, encárgase de poñer de manifesto outro tipo de pobreza que Occidente é incapaz de recoñecer. Trátase da pobreza cultural e moral. Unha pobreza que, de poder ser medida e computada, había de ser máis abundante canto máis desenvolvida fose unha sociedade. Esta é a pobreza que exporta Occidente ao resto do mundo. Ao afundir as economías dos pobos apartando aos indíxenas dos seus recursos, ao roubar ás mulleres os seus dereitos sobre as terras dos seus devanceiros, ao privatizar a auga dispoñible, ao condenar a miles de persoas ao exilio, á emigración, á vida en campos de refuxiados, ao provocar os grandes movementos migratorios que levan aos individuos ata os suburbios das grandes urbes obrigándoos a sobrevivir na miseria, perdendo os seus referentes culturais e a súa rica e persoal visión do mundo. Esta é outra pobreza tan importante como a anterior: falta dunha cultura de referencia, falta de antepasados, falta de conciencia de pobo, falta de raíces, falta de ética.

3. Xénese da pobreza:

3.1. O fracaso da economía neoliberal

Un sistema que crea a negación e a enfermidade, mentres acumula trillóns de dólares de megabeneficios para os agronegocios, é un sistema deseñado para crear a pobreza para a xente. A pobreza non é un estado inicial, é un estado final dun paradigma económico que destrúe os sistemas ecolóxicos e sociais que manteñen a vida, a saúde e a sustentabilidade do planeta e da xente.

V. SHIVA: «How to End Poverty: Making Poverty History and the History of Poverty», *ZNeT* (maio, 2005)

Shiva culpa á estrutura económica neoliberal da aparición e consolidación da pobreza. Xa desde os primeiros momentos da colonización iníciase o proceso de explotación dos recursos naturais dos países do Sur por parte das empresas do Norte. Así se cataliza a intrusión permanente dos gobernos dos países industrializados nos sistemas políticos dos países do Sur. As macroempresas foron, en moitos casos, responsables directas da instalación de réximes corruptos e represivos naqueles países a cambio dunha mínima parte dos beneficios económicos que elas obtiñan e á conta da pobreza e a falta de liberdade dos habitantes daqueles países. Esta explotación dos países pobres segue existindo hoxe en día para poder manter os niveis de consumo das sociedades opulentas do Norte. O espolio segue. O triunfo da economía neoliberal consolídase na brecha aberta entre Norte e Sur que, lonxe de

borrarse, cada vez é máis profunda. Segundo Shiva, globalmente existen os recursos necesarios para erradicar a pobreza e a fame do mundo, é o modelo económico neoliberal quen prescribe a solución. Por unha banda exerce unha forte presión para conseguir aumentar o investimento estranxeiro nos países pobres e por outra leva a cabo unha continua interferencia nos gobernos destes países. Deste xeito consolídase a mala distribución de recursos e posibilidades dos pobos.

3.2. A axuda internacional e a responsabilidade das institucións

A axuda internacional a países subdesenvolvidos está dirixida polo Banco Mundial. A distribución e adxudicación destas axudas realízase utilizando un único e controvertido instrumento de cualificación para todos os países a quen se presta capital: a CPIA (Avaliación Institucional e Política por País). A CPIA é un baremo que recompensa claramente a aqueles países que se someten ás preferencias políticas do doante.

Ata 1950 os países non eran ricos nin pobres institucionalmente, non había ningún baremo para medilos e ninguén os cualificaba internacionalmente. Todos os países que en 1950 recibiron a cualificación de subdesenvolvidos, están hoxe nunha situación económica, social e ambiental peor respecto ao resto de países, do que estaban nese momento. Para que as contas fosen reais, a este capital prestado



aínda habería que restarlle o capital que o Sur regala ao Norte baixo formas diversas: pagos de intereses, materia prima, consumo de biodiversidade, man de obra, etc. A carga de débedas crea unha situación inadmisíbel: flúe máis diñeiro do Sur ao Norte que ao inverso. O informe *Striking a Better Balance (Cara a un mundo mellor)* redactado polo mesmo BM e o FMI en 1999, recoñece que as estratexias de redución da pobreza foron un fracaso.

A liberalización do comercio promovida pola Organización Mundial do Comercio (OMC), a Cooperación para o Desenvolvemento de Gobernos e Institucións Financeiras (IFI), o Banco Mundial (BM) e o Fondo Monetario Internacional (FMI) significan a consolidación do sistema económico neoliberal. Son o mecanismo que impide a distribución de riqueza. As políticas da ONU para incrementar os Obxectivos de Desenvolvemento están condenadas ao fracaso porque deixan intacta a devandita estrutura económica e social. As Institucións Financeiras Internacionais (IFIs) pechan os ollos ante esta evidencia, a modificación da cal significaría unha convulsión das estruturas máis profundas da economía capitalista, e seguen cos plans de axudas financeiras ao Terceiro Mundo para lavar as súas mans e a súas consciencias.

4. A proposta de Shiva: O papel esencial do medio ambiente na erradicación da pobreza

No informe, *A natureza, riqueza dos pobres* redactado pola organización internacional Amigos da Terra no ano 2005, ponse de manifesto a importancia dos recursos naturais á hora de erradicar a pobreza. Mentres se discute sobre a xénese e a dimensión da pobreza, a degradación ambiental acelérase e a situación de boa parte da poboación faise insostible. Non é posible saír da pobreza sen salvar o medio, pero o desenvolvemento, tal e como hoxe o entendemos, é sinónimo de deterioro.

Algúns expertos en desenvolvemento continúan insistindo na idea de que son os pobres os responsables da destrución do medio ambiente pola súa alta natalidade e a súa necesidade de aproveitar a biodiversidade para sobrevivir, o que produce o esgotamento dos recursos. Os pobos máis humildes do planeta dependen directamente do bo estado do medio no que viven e teñen dereito a el. Casa, roupa, alimento, auga, medicamentos, enerxía, todo depende directamente da biodiversidade que os rodea. Preservar o medio é manter o seu equilibrio de sustentabilidade, deterioralo significa negarlle as posibilidades. É necesario contar con isto para saír da pobreza.

A economía neoliberal fai imposible este aproveitamento pola contaminación, pola erosión ou ex-

torsión das terras, pola privatización dos recursos, pola mal entendida protección da natureza. Empéñase nun tipo de progreso imposible baseado na explotación brutal e sistemática dos recursos sen ter en conta que canto máis se explota un medio máis vulnerable se volve: produce menos e é máis propenso a desgrazas naturais, co que condena aos habitantes das terras á fame negra, a miseria, a emigración ou a morte.

5. Breve bibliografía

SHIVA, V.: *Abrazar la vida: Mujer, ecología y desarrollo*, Madrid, Horas y horas, 1988.

— *Cosecha robada: El secuestro del suministro mundial de alimentos*, Barcelona, Paidós, 2000.

— «How to End Poverty: Making Poverty History and the History of Poverty», *ZNeT* (maio, 2005), <http://www.zmag.org/sustainers/content/2005-05/11shiva.cfm>.


RODRIK, D.: *Search of Prosperity*, Princeton (New Jersey), University of Princeton, 2003.

SACHS, J.: *The End of Poverty: Economic Possibilities for Our Time*, New York, The Earth Institute at Columbia University, 2006.

AMIGOS DE LA TIERRA (ATI): *Naturaleza: riqueza de los pobres. La importancia de los recursos naturales en la erradicación de la pobreza*, Ámsterdam, 2005.

INSTITUCIONES FINANCIERAS INTERNACIONALES, consultado 9 febrero 2007, <http://www.choike.org>

ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL COMERCIO, consultado 9 febrero 2007, <http://www.choike.org> 6



Declaración de Nyélení pola soberanía alimentaria*

Perante o fracaso das políticas neoliberais e o deterioro das condicións de vida das poboacións urbanas e as rurais, cada vez máis actores políticos e movementos da sociedade civil se interesan pola soberanía alimentaria. Estableceuse un grupo formado de Amigos de la Tierra Internacional, Vía Campesina, Marcha Mundial das Mulleres, ROPP (Rede de Organizacións Campesiñas e de Produtores Agrícolas de África Occidental),

WFF (Foro Mundial de Pescadores e Traballadores da Pesca) e WFFP (Foro Mundial de Pobos Pescadores), para organizar Nyélení 2007, o foro mundial sobre la soberanía alimentaria. O 27 de febreiro, en Nyélení, Selingue, Malí, este foro redactou a seguinte declaración.

Nosoutros e nosoutras, máis de cinco centos representantes de máis de oitenta países, de organizacións de campesiños e campesiñas, agricultores familiares, mariñeiros

tradicionais, pobos indíxenas, pobos sen terra, traballadores rurais, migrantes, pastores, comunidades forestais, mulleres, nenos e nenas, xuventude, consumidores, movementos ecoloxistas e urbanos, reunímonos no pobo de Nyélení en Selingue, Malí, para fortalecer o movemento global para a soberanía

* En <http://www.nyeleni2007.org/spip.php?rubrique3>



Perante o fracaso das políticas neoliberais e o deterioro das condicións de vida das poboacións urbanas e as rurais, cada vez máis actores políticos e movementos da sociedade civil se interesan pola soberanía alimentaria. Demos ao noso traballo o nome de «Nyéléni», como homenaxe, a lendaria campesiña maliense que cultivou e alimentou a súa xente

nía alimentaria. Estivémolo a facer, ladrillo a ladrillo, vivindo en casoupas construídas a man segundo a tradición local e comendo alimentos producidos e preparados pola comunidade de Selingue. Demos ao noso traballo o nome de *Nyéléni*, como homenaxe, inspirado pola lendaria campesiña maliense que cultivou e alimentou a súa xente.

A maioría de nós dedicámonos á produción de alimentos e estamos en disposición, somos capaces e temos a vontade de alimentar a todos os pobos do mundo. A nosa herdanza como persoas produtoras de alimentos é fundamental para o futuro da humanidade. Este particularmente é o caso de mulleres e pobos indíxenas que son creadores de coñecementos ancestrais sobre alimentos e agricultura, e que son infravalorados. Pero esta herdanza e esta capacidade para producir alimentos nutritivos, de calidade e en abundancia vese ameazada polo neoliberalismo e o capitalismo global. Fronte a isto, a soberanía alimentaria apórtanos a

esperanza e o poder para conservar, recuperar e desenvolver o noso coñecemento e a nosa capacidade para producir alimentos.

A soberanía alimentaria é o dereito dos pobos a alimentos nutritivos e culturalmente doados, accesibles, producidos de forma sostible e ecolóxica e o seu dereito a decidir o seu propio sistema alimentario e produtivo. Isto pon aqueles que producen, distribúen e consumen alimentos no corazón dos sistemas e políticas alimentarias, por riba das esixencias dos mercados e das empresas. Defende os intereses de, e inclúe as, futuras xeracións. Ofrécenos unha estratexia para resistir e dismantelar o comercio libre e corporativo e o réxime alimentario actual e para encauzar os sistemas alimentarios, agrícolas, pastorís e de pesca para que pasen a estar xestionados polas produtoras e produtores locais. A soberanía alimentaria dá prioridade ás economías locais e aos mercados locais e nacionais e outorga o poder aos campesiños e á agricultura familiar, á pesca arte-

sanal e ao pastoreo tradicional e coloca a produción alimentaria, a distribución e o consumo sobre a base da sostenibilidade medioambiental, social e económica. A soberanía alimentaria promove o comercio transparente, que garante ingresos dignos para todos os pobos e os dereitos das persoas consumidoras para controlar a súa propia alimentación e nutrición. Garante que os dereitos de acceso e de xestión da nosa terra, dos nosos territorios, das nosas augas, das nosas sementes, do noso gando e a biodiversidade, estean en mans daquelas persoas que producimos os alimentos. A soberanía alimentaria supón novas relacións sociais libres de opresión e desigualdades entre os homes e mulleres, pobos, grupos raciais, clases sociais e xeracións.

En *Nyéléni*, grazas aos moitos debates e á intensa interacción, estamos profundando no noso concepto de soberanía alimentaria, e facemos intercambios sobre a realidade das loitas dos nosos respectivos movementos para conservar a autonomía e recuperar o noso poder. Agora entendemos mellor os instrumentos que necesitamos para crear un movemento e promover a nosa visión colectiva.

Para que loitamos?

► Por un mundo no que todos os pobos, nacións e estados podan decidir os seus propios sistemas alimentarios e políticas que proporcionen a cadaquén alimentos



de calidade, adecuados, asequibles, nutritivos e culturalmente apropiados;

▶ para que se recoñezan e respeiten os dereitos e o papel das mulleres na produción de alimentos e a representación das mulleres en todos os órganos de toma de decisións;

▶ para que todos os pobos de cada un dos nosos países podan vivir con dignidade do seu traballo e podan ter a oportunidade de vivir nos seus lugares de orixe;

▶ para que a soberanía alimentaria sexa considerada un dereito humano básico, recoñecido e respectado polas comunidades, os pobos, os estados e as institucións internacionais;

▶ para que podamos conservar e rehabilitar os contornos rurais, zonas pesqueiras, as paisaxes e os alimentos tradicionais, baseándose nunha xestión sostible da terra, do chan, a auga, as sementes, o gando e a biodiversidade;

▶ para que valoremos, recoñezamos e respectemos a diversidade do noso coñecemento, alimentación, linguas e as nosas culturas tradicionais, e o modo no que nos organizamos e nos expresamos;

▶ para que exista unha verdadeira reforma agraria integral que garanta aos campesiños prenos dereitos sobre a terra, defenda e recupere os territorios dos pobos indíxenas, garanta ás comunidades pesqueiras o acceso e o control das zonas de pesca e os ecosistemas,

para que recoñeza o acceso e o control das terras e as rutas de migración de pastoreo, garanta empregos dignos con soldos xustos e dereitos laborais para todas as persoas traballadoras e un futuro para a xuventude do campo onde as reformas agrarias revitalicen a interdependencia entre persoas produtoras e consumidoras, garantan a supervivencia da comunidade, a xustiza económica e social, a sostenibilidade ecolóxica e o respecto pola autonomía local e o goberno con igualdade de dereitos para as mulleres e os homes... onde se garanta o dereito aos territorios e á autodeterminación dos nosos pobos;

▶ compartamos os nosos territorios en paz e de maneira xusta entre os nosos pobos, xa sexamos campesiños, comunidades indíxenas, mariñeiros artesanais, pastores nómades ou calquera outro;

▶ se se viven catástrofes naturais e provocadas polas persoas e situacións posteriores aos conflitos, a soberanía alimentaria actúe co-

mo unha auténtica garantía que fortaleza os esforzos de recuperación local e mitigue o impacto negativo. No que se teña presente que as comunidades afectadas desamparadas non son incapaces, e onde unha sólida organización local para a recuperación por medios propios constitúa a clave para a recuperación;

▶ se defenda o poder dos pobos para decidir sobre as súas herdanzas materiais, naturais e espirituais.

Contra que loitamos?

Contra:

▶ O imperialismo, o neoliberalismo, o neocolonialismo e o patriarcado e todo sistema que empobrece a vida, os recursos, os ecosistemas e os axentes que os promoven, como as institucións orzamentarias internacionais, a Organización Mundial do Comercio, os acordos de libre comercio, as corporacións multinacionais e os gobernos que prexudican os seus pobos.

A maioría de nós dedicámonos á produción de alimentos e estamos en disposición, somos capaces e temos a vontade de alimentar a todos os pobos do mundo. A nosa herdanza como persoas produtoras de alimentos é fundamental para o futuro da humanidade. Este particularmente é o caso de mulleres e pobos indíxenas que son creadores de coñecementos ancestrais sobre alimentos e agricultura, e que son infravalorados



▶ O *dumping* de alimentos a prezos por debaixo do seu custo de produción na economía global.

▶ O control dos nosos alimentos e dos nosos sistemas agrícolas por compañías que antepoñen as ganancias ás persoas, á saúde e ao medio ambiente.

▶ Tecnoloxías e prácticas que erosionan a nosa capacidade de produción alimentaria no futuro, danan o medio ambiente e poñen en perigo a nosa saúde. Estas inclúen os cultivos e animais transxénicos, tecnoloxía *terminator*, *acuacultura* industrial e prácticas pesqueiras destrutivas, a chamada Revolución branca das prácticas industriais no sector lácteo, as chamadas *nova e vella revolucións verdes* e os *desertos verdes* dos monocultivos de biocombustibles industriais e outras plantacións.

▶ A privatización e a mercantilización dos alimentos, servizos básicos públicos, coñecementos, terras, augas, sementes, gando e o noso patrimonio natural.

▶ Proxectos / modelos de desenvolvemento e industrias de extracción que desprazan os pobos e que destrúen o noso medio ambiente e a nosa herdanza natural.

▶ Guerras e conflitos, ocupacións, bloqueos económicos, fame, desprazamentos forzados e confiscacións das súas terras e todas as forzas e gobernos que os provocan e os apoian e os programas de reconstrución tras un conflito ou catástrofe que destrúen o noso medio ambiente e capacidades.

[...] **comprometémonos a construír o noso movemento colectivo para a soberanía alimentaria, forxando alianzas, apoiando as nosas diferentes loitas e facendo que a nosa solidariedade, forza e creatividade cheguen aos pobos de todo o mundo**

▶ A criminalización de todos aqueles que loitan por protexer e defender os nosos dereitos.

▶ A axuda alimentaria que encobre o *dumping*, introduce OGMs nos contornos locais e os sistemas alimentarios e crea novos patróns de colonialismo.

▶ A internacionalización e a globalización dos valores paternalistas e patriarcais que marxinan as mulleres e as diversas comunidades agrícolas, indíxenas, pastorís e pesqueiras no mundo.

Que podemos facer e que faremos ao respecto?

Do mesmo xeito en que estamos a traballar coa comunidade de Selingue para crear un espazo de encontro en Nyéléni, comprometémonos a construír o noso movemento colectivo para a soberanía alimentaria, forxando alianzas, apoiando as nosas diferentes loitas e facendo que a nosa solidariedade, forza e creatividade cheguen aos pobos de todo o mundo que teñen un compromiso coa soberanía alimentaria. Cada loita pola soberanía alimentaria, independentemente de onde se faga, é a nosa loita.

Acordamos unha serie de accións colectivas para compartir a nosa visión da soberanía alimentaria con todos os pobos do mundo, que están detalladas no noso documento de síntese. Levaremos a cabo estas accións en cada unha das nosas respectivas áreas locais e rexións, nos nosos propios movementos e conxuntamente en solidariedade con outros movementos. Compartiremos a nosa visión e a nosa axenda de acción para a soberanía alimentaria con aquelas persoas que non puidesen estar con nós en Nyéléni, para que o espírito de Nyéléni se desemine en todo o mundo.

Por último, damos o noso apoio incondicional e absoluto aos movementos campesiños de Malí e a ROPPA na súa loita para que a soberanía alimentaria se converta nunha realidade en Malí e por extensión en toda África.

É hora da soberanía alimentaria!!!!



Ecología e feminismo

Libros

AGRA ROMERO, M.^a Xosé (compiladora):
Ecología y feminismo, Granada, Comares,
1998, 259 pp.



Unha excelente introdución ao ecofeminismo ou aos distintos enfoques e posicións sobre as cuestións que a ecoloxía e o feminismo poñen enriba da mesa.

No ecofeminismo, como en todas as cuestións, hai pluralidade de pensamento e María Xosé Agra ofrécenos dez textos de nove autoras relevantes para ter elementos de coñecemento e reflexión. A diferenza de puntos de vista existe no feminismo – polo que se cadra mellor sería falar de feminismos – e tamén, no ecoloxismo, claro. Polo tanto no ecofeminismo non pode ser de outro modo, de xeito que é máis acaído, como di María Xosé na súa introdución, falar de ecofeminismos.

O xeito de entender o xénero e a natureza e como conectan e interrelacionan entre si, implicando maneiras de conceptualizar, percibir e facer, ou dito doutro xeito, teoría e práctica, están na base destas escritas que contan cunha interesante introdución.

O recoñecemento da crise ecolóxica é mérito dos movementos ecoloxistas. A importancia de que o feminismo recolla a luva e accep-

te o reto segue aí e nesa faena algunhas teóricas e activistas teñen destacado. O papel a xogar polas mulleres na cuestión está en debate. Sectores nada desprezables de ecofeministas sustentan a idea de

que as mulleres podemos – e temos a tarefa de – salvar ao mundo pola especial unión que temos coa natureza. A terra nai e a maternidade das mulleres, o irracional, o emocional, fronte á cultura e ao racional dos varóns, posicións que teñen de vello o seu predicamento no interior do feminismo, e non só no feminismo. Énos familiar o dualismo natureza-cultura?

Establecendo a relación entre a dominación e explotación dos seres humanos sobre a natureza e a dominación e explotación dos homes sobre as mulleres, e en función da resposta – ou respostas – que demos a isto, trátase de ver se o nexo entre ecoloxía e feminismo é casual ou non.

O debate, está servido. As posicións sobre esta e outras cuestións



son diferentes e enfrontadas en ocasións. Sempre con críticas moi interesantes e necesarias (aínda que non sempre compartidas) ao modelo de desenvolvemento occidental: o desenvolvemento económico e tecnolóxico; os modelos de

vida propostos, o paradigma da ciencia, a valoración de tradicións, culturas e prácticas diferentes.

No cabo da introdución á compilación:

O ecofeminismo, os ecofeminismos teñen a tarefa e o reto, non de salvar ó mundo, senón de axudarnos a pensar e actuar doutro xeito con relación á natureza e ás mulleres, o que non significa refugar a filosofía, a ciencia, a racionalidade. O ecofeminismo en tanto que ecoloxía, representa unha posición fortemente crítica fronte a aquelas ecoloxías que non integran ou non contemplan o xénero nin a dominación e opresión das mulleres ou que recepciónan acriticamente a categoría de natureza.¹

Algúns dos textos compilados – os menos – eran accesibeis cando

¹ María Xosé Agra Romero: *Introducción: Feminismo y ecofeminismo*, p. 20.



se publicou o libro (1998) ás persoas lectoras en castelán. A maioría, non, polo que é de agradecer o esforzo de achegamento –selección e tradución– feito neste libro. Os textos que aquí se nos ofrecen foron escritos entre 1974 –a primeira vez que do lapis de Françoise D’Eaubonne aparece esa palabra de ecofeminismo– e 1993, onde se ubican os de María Mies e Irene Diamond.

As outras autoras presentes na selección son: Ariel Kay Salleh, Ynestra King, Karen J. Warren, Vandana Shiva, a tamén hindú Bina Argawal e a filósofa australiana Val Plumwood.

Toda selección –unha compilación éo– implica decisións importantes –que cousas incluír e cales deixar fóra– e haberá quen bote en falta textos e autoras. Non é exhaustiva, dinos Agra (pode algunha compilación selo?). Está centrada na literatura anglosaxona, apenas do ecofeminismo alemán e ningunha presenza do ecofeminismo no estado español. A compilación é de mediados dos anos noventa. Agora van case dez anos desde a aparición do libro, sen embargo, pese aos textos novos que se teñen producido e dispoñibles para a lectura, os textos aquí propostos para coñecer e achegarse aos ecofeminismos seguen tendo vixencia e utilidade. Algúns xa *clásicos* na materia. Asemade necesarios para entrar nas polémicas que están na base destas cuestións con solvencia e fundamento. 6

NSC

Vandana Shiva ten merecementos abondo para lle dedicar atención e propoñer a maior xente posíbel o achegamento a ela, a súa obra, o seu pensamento e a súa práctica. Esta é a intención de Anna Cervera con este libro.

O limiar é de María Xosé Agra, seguido dunhas «consideracións previas» e unha introdución co concepto indio de natureza, para dar paso a tres capítulos: I: O mito do progreso; II: A pobreza como creación e III: Os desherdados. A elección dos capítulos –os seus títulos– é elocuente sobre o que encontraremos nestas páxinas.

Nas consideracións previas, dúas cousas distintas:


► Unha, contarnos brevemente, quen é esta muller –física, filósofa, feminista, pacifista, ecoloxista– nacida en 1952 en Dehradun (India). Unha voz do sur.

Encabezou a resistencia de mulleres Chipko (abrazada ás árbores) contra a tala desaforada e ten posto en marcha o proxecto Navadanya (se-

Outro mundo é posible: o reino da necesidade de Vandana Shiva

Libros

CERVERA IGLESIAS, Anna: *Outro mundo é posible: o reino da necesidade de Vandana Shiva*, A Coruña, Baía, 2007, 111 pp., 10 €



mente de liberdade). A escola Bija, coordinada con este programa, tenta levar á práctica labores agrícolas e tecnolóxicos acordes cos presupostos ecolóxicos e mantemento da fertilidade do chan.

► E outra, que Anna Cervera titula «Unha problemática pechada en falso», onde nos convida a acompañar a Vandana Shiva no rastrexo de tres problemas graves da sociedade do século XX que se agravarán no XXI.



Análise da Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva

 DALILA DOPAZO BLANCO
ESTRELA VILLAVARDE CREO

Introdución

O mes de marzo do presente ano no Parlamento do Estado Español aprobouse, coa abstención do Partido Popular, a Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes. A lei pretende, como no seu propio título indica, dotar de efectividade o dereito á igualdade e non discriminación por razón de sexo recollido no artigo 14 da Constitución Española e tamén incorporar e harmonizar o Dereito español, conforme aos avances na lexislación europea en materia de Igualdade e non Discriminación. Así mediante a presente lei traspóñense ao Dereito Español a Directiva 2002/73/CE, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais, e as condicións de traballo; e a Directiva 2004/113/CE, sobre aplicación do principio de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e o seu subministro.

Novidades da lei a destacar

Política

Unha novidade importante da lei é a introdución de modificacións na Lei Electoral no sentido de esixir a presenza equilibrada de homes e mulleres nas listas electorais, así coma no nomeamento de poderes públicos. A primeira delas foi de aplicación nas recentes eleccións municipais do 27 de maio, sendo curiosamente empregada polo partido popular (que se abstivo na aprobación da Lei de Igualdade) para solicitar a anulación de listas electorais doutros partidos e incumplida polo partido promotor da mesma, o partido socialista obreiro español.

Empresa

Dentro do eido da empresa establécese a obrigatoriedade de negociar planos de igualdade nas empresas de máis de douscentos cincuenta traballadores e traballadoras. Esta medida, sen dúbida positiva, xa que ao depender da negociación colectiva poderá adap-

tarse as particularidades de cada sector ou empresa, sen embargo, precisamente ao depender da negociación colectiva, poderá suceder que non se cheguen a acordos entre sindicatos e patronal e quedar a lei neste punto baleirada de contido. En todo caso, haberá que agardar a ver como se vai desenvolvendo na práctica a negociación destes planos.

Así mesmo, establécese que as grandes empresas procurarán antes do 2015 (fálase dun prazo de oito anos a partir da aprobación da lei) ter unha presenza equilibrada de mulleres nos consellos de administración das mesmas. Este artigo vai encamiñado a romper o chamado *teito de cristal*, isto é que non estean vedados ás mulleres os postos de dirección das empresas, onde hoxe en día a presenza de mulleres aínda é anecdótica. Se ben este artigo só contén unha medida de fomento, xa que sinala que as grandes empresas «poderán» aclarando ademais na exposición de motivos da lei que a finalidade desta medida é que prevaleza o crite-

de Mulleres e Homes

rio do talento e rendemento profesional, sen que o criterio do sexo constituía uns obstáculos como factor de elección.

Laboral

Un dos maiores intereses da Lei para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes é o do intento de conciliación entre a vida laboral e familiar, o que deu lugar á introdución nos títulos IV e V dunha serie de medidas logo completadas co disposto nas Disposicións adicionais e que supuxeron modificacións na lexislación laboral, da función pública e da seguridade social.

Esta normativa concreta cómpre ser completada cos principios máis xenéricos de protección da muller no eido laboral que se atopan recollidos fundamentalmente no capítulo VI da lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

A cuestión tratada máis polo miúdo na lei é a dos permisos aos que poden acceder as traballadoras e os traballadores, ao tempo que algunha das medidas adoptadas refírense a todos os traballadores en xeral e outras son específicas dos empregados e empregadas do sector público ou privado.

O *permiso de paternidade* fíxase en 13 días, aínda que o obxectivo do lexislador, polo menos teórico, é que se amplíe progresivamente até as catro semanas unha vez transcorran seis anos dende a data da entrada en vigor da lei. En calquera caso, este período será ampliado en dous días máis a partir da

segunda filla ou fillo de tratarse dun parto, adopción ou acollemento múltiples.

No caso do *permiso de maternidade* establécese que no suposto de parto e, ao tempo, falecemento da nai, o pai poderá facer uso da totalidade do permiso ou da parte que lle reste do período de suspensión, computado desde a data do parto, e sen que se desconte do mesmo a parte que a nai puidese gozar con anterioridade ao parto e con independencia da situación laboral da falecida.

Nos casos de parto prematuro, e naqueles nos que, por calquera outra causa, a criatura debese permanecer hospitalizada a continuación do parto, o período de suspensión ampliarase até un máximo de 13 semanas adicionais.

Nos supostos de filla o fillo con diversidade funcional (discapacidade), a suspensión do contrato terá unha duración adicional de dúas semanas; no caso de que os dous proxenitores traballen, este período adicional distribuirase de forma simultánea ou sucesiva e ininterrompida.

Nos supostos de adopción e acollemento a suspensión terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas, ampliable no suposto de adopción ou acollemento múltiples en dúas semanas por cada menor a partir do segundo. Se é unha adopción internacional, na que sexa necesario desprazarse ao país de orixe, o período de suspensión poderá iniciarse até catro semanas antes da resolución pola que se constitúe a adopción.



No suposto de falecemento da filla ou fillo, o período de suspensión non se verá reducido, agás que, unha vez rematadas as seis semanas de descanso obrigatorio, a nai solicítase reincorporarse ao seu posto de traballo.

No suposto do *permiso por lactación* recoñécese o dereito das traballadoras e dos traballadores a unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións ou ben a que se reduza a xornada en media hora con posibilidade de que se acumule en xornadas completas a redución. Este dereito pode corresponderlles de forma indistinta ao pai e á nai pero só ata que o menor cumpra os nove meses de idade. Tamén neste caso o permiso amplíase de existir un parto múltiple.

Cabe a *reducción da xornada por garda legal* até un mínimo dunha oitava parte e ata que o menor conte con oito anos de idade.

Por outra banda, no caso de despedimento do traballador ou traballadora que se atope nesta circunstancia, as indemnizacións non se computarán sobre a xornada reducida senón sobre a completa sempre e cando a redución da xornada se deba ao nacemento de fillos ou fillas prematuros ou que, por calquera causa, deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, garda legal ou coidado de familiares, para facer efectiva a protección ou o dereito á asistencia social integral das traballadoras vítimas da violencia de xénero, ou por goce a tempo parcial da suspensión por maternidade ou paternidade.

Recoñécese a posibilidade de que tanto a *excedencia por coidado de menor*, como a *excedencia por coidado de familiares*, se poidan gozar de modo fraccionado, ao tempo que se amplía até dous anos a duración máxima da excedencia por coidado de familiares e redúcese a catro meses a duración mínima da excedencia voluntaria.

Cando o período de *vacacións* fixado no calendario laboral da empresa coincida no tempo cunha incapacidade temporal derivada da preñez, o parto ou a lactación natural, ou con período de suspensión do contrato de traballo por maternidade ou paternidade, sempre se pode gozar das vacacións pasado o período de suspensión, incluso cando xa se atope finalizado o ano natural correspondente.

Recoñécese o dereito a adaptar a *duración e distribución da xornada de traballo* para facer efectivo o dereito á conciliación da vida familiar e laboral, se ben cunha remisión xenérica ao que se estableza negociación colectiva ou no acordo ao que se chegue co empresario ou empresaria.

É realmente importante e innovador na lei a extensión de ditas melloras ás traballadoras e aos traballadores autónomos, así como a outros réximes da Seguridade Social.

Resulta moi interesante a medida introducida no ámbito sancionador establecido para as discriminacións no eido do traballo, consistente en poder conmutar sancións accesorias polo establecemento de plans de igualdade.

Función pública

Cando as condicións do posto de traballo dunha funcionaria puidesen influír negativamente na saúde da muller, do fillo ou filla, poderá concederse *licenza por risco* durante a preñez e lactación natural, ao tempo que se garante a ple-

É realmente importante e innovador na lei a extensión de ditas melloras ás traballadoras e aos traballadores autónomos, así como a outros réximes da Seguridade Social



nitude dos dereitos económicos durante toda a duración da licenza.

Na lei indícase que queda eliminada a posibilidade de que sexa o persoal médico das mutuas quen certifique que as condicións dun posto de traballo poidan influír negativamente na saúde da traballadora preñada ou do feto.

En materia de *vacacións*, aplícanse os mesmos criterios que no caso das empregadas no sector privado.

Tamén terán dereito a un período de *excedencia* de duración non superior a tres anos, as funcionarias e os funcionarios para atenderen ao coidado dun familiar que estea ao seu cargo, até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Durante os dous primeiros anos (ademais de percibir as prestacións económicas íntegras), as traballadoras terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñaban e despois dese período se lles reservará un posto na mesma localidade e de igual nivel e retribución.

O réxime de *permisos* tamén se modifica de forma importante: a) polo nacemento, acollemento, ou adopción dun fillo ou filla, o pai ten dereito a quince días de permiso; b) polo falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, existe un permiso de tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade. Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando o suceso se produza na

mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

As *reducións de xornada* pode gozarse en termos similares ás empregadas públicas por lactación dun fillo ou filla ata doce meses de idade. Nos casos de nacementos de fillo ou filla prematuros ou que por calquera causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto a funcionaria ou o funcionario terán dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de dúas horas percibindo as retribucións íntegras. Asemade, terán dereito a reducir a súa xornada de traballo até un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións nos casos de coidado directo dalgún menor de doce anos, persoa maior que requira especial dedicación ou de unha persoa con discapacidade, que non desempeñe actividade retribuída, quen precise atender ao coidado de familiares en primeiro grao por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes.

A *suspensión do contrato por maternidade* regúlase da seguinte maneira: a) no suposto de parto, a duración do permiso será de dezaseis semanas ininterrompidas ampliábeis no caso de parto múltiple en dúas semanas máis por cada fillo ou filla a partir do segundo; b) nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o fillo ou filla deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, o período de suspensión ampliarase en tantos días como dure a hospitalización, cun máximo de trece semanas adicionais; c) nos supostos de adopción ou de acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, sempre que o acollemento simple sexa de duración maior de un ano, e con independencia da idade que teña o menor, o permiso terá unha duración de dezaseis semanas ininte-

rrompidas, ampliábeis no suposto de adopción ou acollemento múltiple en dúas semanas máis por cada fillo ou filla a partir do segundo; d) sempre que exista unha situación de diversidade funcional do fillo ou filla, o permiso terá unha duración adicional de dúas semanas; e) nos supostos de adopción internacional, cando sexa necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do/a adoptado/a, o funcionario ou funcionaria terá dereito a ter un permiso de ata dous meses (que se poderá iniciar catro semanas antes da resolución que acorde a adopción).

Seguridade Social

Flexibilízanse considerablemente as esixencias de cotización para a prestación de maternidade, recoñecendo un novo subsidio para o caso de que non se cumpran ditas esixencias. A contía deste novo subsidio será dun 100 por 100 do Indicador Público de Renda de Efectos Públicos (IPREM –que para o ano 2007 ten unha contía de 16,64 euros–) e a súa duración de 42 días naturais a contar dende o parto (polo que para o ano 2007 alcanzará a contía de 698,88 euros).

Tamén ampliase como período de cotización efectiva a dous anos (até a aprobación da lei era un ano) o tempo de excedencia por coidado de fillos e establécese tamén para o primeiro ano de excedencia por coidado de familiares. Este último, non recoñecido até o de agora pola lei, levará a unha muller a presentar unha cuestión de inconstitucionalidade sobre a Lei de Seguridade Social, tras serlle denegada dita petición por un xulgado do social. Se ben o Tribunal Constitucional rexeitou admitir a trámite a petición. A modificación introducida na Lei Xeral da Seguridade Social vai permitir agora ese dereito sen necesidade de acudir aos xulgados e tribunais.

Educación

Outro aspecto da norma interesante son as medidas no ámbito da educación, destacamos a incorporación ao sistema educativo da formación en materia de igualdade e o fomento do ensino e a investigación en materia de igualdade no eido de la educación superior. Bótase en falla un maior desenvolvemento na norma destas medidas no eido educativo, pois están recollidas nun apartado xenérico de medidas de acción administrativa para a igualdade; cando entendemos que dada a súa importancia, como alicerce fundamental de todas as medidas encamiñadas á igualdade, debería ter un trato máis preciso e extenso dentro da norma.

Medios de comunicación públicos

A lei establece a obriga dos medios de comunicación públicos de velar por unha transmisión igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres; reflectir a súa presenza nos diversos ámbitos da vida social; e empregar unha linguaxe non sexista, colaborando en campañas institucionais dirixidas ao fomento da igualdade e a erradicar a violencia de xénero.

No eido dos medios de comunicación de titularidade privada prevese o establecemento de acordos de autorregulación que contribúan ao cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre home e mulleres.

Conclusiones

A Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes é, sen dúbida, a norma máis ambi-

ciosa das realizadas no Estado español na procura da mesma; son moi interesantes os avances en materia política e laboral, sobre todo as medidas encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar.

Con todo, incluso no eido laboral non son poucos os aspectos criticábeis.


En primeiro lugar, o permiso de paternidade é unha medida de grande relevancia tanto para as mulleres nais que desexen continuar na vida laboral activa despois do nacemento dos seus fillos, como para os pais que teñan interese en implicarse na crianza das súas criaturas, abandonando a condición de seres secundarios á que en máis dunha ocasión parecían vir condenados polo lexislador ao regular cuestións vinculadas ao ámbito familiar e de menores. Con todo, non se explica que unha innovación deste tipo conte cunha extensión tan reducida, máxime se se ten en conta que a previsión de futura ampliación corre o risco, de seguirse a tradición lexislativa do Estado español, de non chegar a ser máis que unha declaración de intencións.

En segundo lugar, cómpre ter en conta que outras medidas da lei teñen un carácter ambivalente xa que unha traballadora que se atope durante un período de tempo alongado á marxe do mercado laboral por coidado da familia, con independencia da reserva de posto de traballo ou participación en actividades formativas, pode rematar reincorporándose á actividade laboral en inferioridade de condicións respecto doutras traballadoras e outros traballadores (por exemplo, cando se trate de profesións que requiran un elevado grao de tecnificación e/ou investigación e nas que o paso do tempo poda supor una perda de coñecementos difíciles de recuperar).

De feito, é fundamental un seguimento atento das medidas la-

borais indicadas para evitar que corran o risco de converterse, a pesar do aparente paradoxo, en instrumentos contrarios aos dereitos laborais da muller. Así ocorreu coa reforma lexislativa de ampliación da contratación temporal que foi *vendida* como unha posibilidade de acceso da muller e da xuventude ao mercado laboral e que rematou converténdose nun instrumento ao servizo do capital co que se viron reducidos múltiples dereitos laborais da muller e de toda a clase traballadora.

Por outra banda, é evidente que a lei queda cativa ante a existencia de grandes masas da poboación que se atopan á marxe da regulación social, cun traballo *alegal* (caso das traballadoras sexuais) ou na economía mergullada. Este é o caso das empregadas domésticas por horas ou da grande maioría das mulleres labregas galegas. Neste último suposto a situación é francamente deficitaria ata o punto de que son os homes os que xeralmente constan como propietarios das explotacións agrarias aínda cando sexa a muller a que realiza o traballo (en ocasións en réxime de exclusividade) o que provoca que a muller non poda acceder á titularidade da explotación, nin obter axudas fiscais de ter fillos e fillas menores de tres anos (por non dispor de ingresos propios), nin acceder ás axudas de cesamento anticipado, nin aplicar as deducións da explotación prioritaria cando reciba en herdanza parcelas agrícolas, nin darse de alta na Seguridade Social Agraria.

En calquera caso, a norma debe ser valorada de modo positivo aínda que non por iso suficiente, senón que se trata dun pasiño máis, cara ao logro da igualdade real e efectiva. Queda aínda moito por camiñar, por legislar, por educar, por cambiar..., pero paseniño, paseniño, imos facendo o camiño. 

Nos últimos anos estamos inmersos na era das TICs (Tecnoloxías da Información e das Comunicacións), superada unha primeira fase na que as persoas navegantes da rede eramos meras expectadoras chegamos a unha nova era, a chamada web 2.0, onde as usuarias podemos ser axentes activas a través da creación de contidos para a rede con ferramentas sinxelas, como poden ser os blogs ou a wikipedia.

Esta interactividade non se reflicte só na creación de contidos de forma individual, senón que nos últimos anos multiplicáronse a venda de produtos a través da rede. Coa incorporación das mulleres ás novas tecnoloxías, as empresas quixeron aproveitar a súa capacidade adquisitiva e convertelas, principalmente, en compradoras. Un caso moi significativo é o que sucede en Estados Unidos, onde o número de mulleres navegantes é igual ao dos homes, sen embargo, dúas de cada tres compras *on-line* fainas unha muller. A pesar disto, a figura feminina é minoritaria nos departamentos de informática e empresas de Internet.

Na rede reproducense os roles típicos da sociedade. Son numerosas as páxinas web onde a muller é un mero obxecto, en calquera buscador que se teclee a palabra *muller* este dará miles de enlaces a páxinas porno. Quizais é a rede o medio de comunicación onde é máis fácil e máis abundante atopar este tipo de contidos.

Na creación de contidos aínda segue sendo maioritaria a participación masculina, aínda que nos últimos anos a participación feminina está aumentando. A rede preséntase como unha plataforma ideal para o encontro de diferentes formas de pensamento, onde se favorece a participación e o debate, moitas mulleres usan a rede para defender os seus dereitos e amosar os seus pensamentos.

Un caso que exemplifica este papel activo das mulleres atopámolo na actividade de mulleres como Les

Propiedade e uso das TICs

Penelopes. Usando as novas tecnoloxías e posibilidades da web 2.0 desenvolveron unha axencia feminista de información que pretende promover e difundir información internacional dende o punto de vista das mulleres e a creación dun programa de televisión interactivo «Cyberfemmes», que afonda na realidade das mulleres. Joelle Palmieri, de Les Penelopes, di: «Internet permitiunos crear o noso propio medio, non dependemos dunha entidade política nin dun poder económico para emitir».

A pesar de que xa atopamos exemplos claros de mulleres activas na rede, e de que existe un gran entusiasmo polas posibilidades que as TICs ofrecen para as mulleres, tamén poden crear unha maior diferenza con aquelas mulleres que non teñen acceso ás novas tecnoloxías. Ademais, como xa se comentou anteriormente, a introdución da muller nas empresas informáticas e de Internet é escasa. O número de programadoras é ínfimo e o seu aumento, aínda que é constante, non se axusta ao aumento da presenza da muller na rede.

Polo tanto, volvemos á importancia que ten a educación para romper a imaxe típica de que as máquinas son cousas de nenos, e o mundo dos ceros e uns que foi cousa de homes ate hai ben pouco debe mudar para dar paso a unha creación conxunta dos contidos que nos chegan a través de Internet. 6



O obradoiro de costura de Mari Paz

ANNA AMORÓS PONS

Ao longo da súa vida Mari Paz sempre estivo rodeada de teas, fíos, máquinas de coser, patróns e manequíns. Esta muller, de corpo miúdo e tenra mirada, naceu no agosto de 1950 nunha pequena aldea da Estrada, A Grela de Codeseda, sendo a única filla do matrimonio composto por Francisco e Mari Carmen. Cando tan só tiña oito meses o seu pai, carpinteiro de profesión e zapateiro e zoqueiro por necesidade, emigrou a Cuba a buscar fortuna:

O meu pai mandábanos de cando en vez cartos [...], polo que eu tiven a sorte de poder ir á escola ata os 14 anos.

A Mari Paz a vocación pola costura venlle herdada da súa nai:

A mamá era aprendiz e cosía polas portas [...] Naquel tempo xa tiña unha máquina de coser, unha Singer de manivela de ferro e con debuxos dourados! que mercou na Estrada [...] e foi ela quen me mandou a aprender coa modista de Codeseda, a Sra. Lola de Celia.

Como Mari Paz se defendía bastante ben nestes mesteres da costura decidiu ampliar os seu coñe-

cementos e marchou á cidade da Coruña. Alí viviu durante un ano na casa da súa tía María del Carmen. Matriculouse na academia Institución Universal de Corte y Confección Sistema Martí (de dona Carmen Martí de Missé):

Si, era o ano 1966. Na academia eramos oito alumnas e as clases eran polas mañás e polas tardes [...] Alí aprendín moito e acadéi esta Mención Honorífica [neste intre sinala coa man o diploma enmarcado que colga da parede] nun concurso profesional de Moda Nacional e Internacional [...].

Ao cabo dun ano, Mari Paz volveu a Codeseda xa co título de modista e abriu un obradoiro cunha aprendiz:

Sempre recordarei que o meu primeiro encargo foi un vestido para as festas, un encargo de *figurín!*, para unha veciña da aldea, para Amparito [...] Na época das festas había moito traballo, polo que eu compartía as tarefas de costura coa miña prima Conchita da Estrada.

No verán de 1968, Mari Paz coñeceu no baile dunha voda, a de Maruja de Pascua, a Julio. Un aposto mozo,

emigrante en Suíza, que pronto se convertería no seu home. E así mesmo, un ano despois e con tan só 19 anos, Mari Paz casou:

Para a voda non me fixen un vestido de noiva, porque iso dicían que traía mala sorte [...], así que gasteime os cartos en mercar un en Pontevedra [...], pero o que si me fixen foi o segundo vestido, que era negro, de encaixe e con abelrios de augas [...]

Ao casar, Mari Paz pechou o obradoiro de costura e marchou co seu marido a traballar a Basilea:

Na viaxe paramos en París, lembro perfectamente agora que estiven diante desa Torre Eiffel [...] En Suíza traballei primeiro nunha fábrica de cintas de veludo, pero, ao pouco tempo, marchei para unha fábrica de costura, que era o meu!

Como tant@s outr@s emigrantes, ao ano Mari Paz volveu de vacacións a Galiza:

E foi entón, na miña terra, cando encarguei a Lucita, a filla que naceu en Suíza, no Hospital de Basilea.

A comezos dos setenta, Mari Paz e Julio decidiron regresar definitivamente e afincarse en Pontevedra. Por aquel entón, Mari Paz viña embarazada de dous meses do seu segundo fillo, Javier:

Pero eu quería traballar, traballar no meu claro está!, aínda que tivese dous rapaciños [...]. Pasou o tempo e monte un novo obradoiro de costura, aquí no popular Barrio

de San Antoniño. E así comecei a facer os encargos máis importantes, como vestidos de voda, de festa, de madriñas e ata pantalóns para homes, traxes rexionais, de época, etc.

A finais dos anos setenta, Mari Paz abría no mesmo obradoiro unha academia de corte e confección:

Unha academia para ensinar, ensinar a coser e bordar [...] Cheguei a ter ata dez alumnas por curso e sesión [...]. A academia chamábase Instituto Universal de Corte y Confección Sistema Martí e a sede central estaba en Barcelona. Nela ensinaba e continuaba cosendo tamén para fóra [...] era demasiado traballo para min soa! [...], pero, aínda e así, estiven ata principios dos anos noventa, ata que pechou a central [...]

Desde hai case corenta anos, a vida de Mari Paz estivo sempre ligada á costura. Gústalle rodearse de madeixas de fíos, de papeis de patróns, do brillo das agullas, do son da máquina de coser, de telas de textura diversa. Ela soubo facer deste traballo a súa profesión e gozou facendo o que considera que é tamén a súa vocación:

A mellor satisfacción para min é o traballo ben feito, a prenda ben rematada, ao saber que teño clientas fixas desde hai máis de trinta anos.



Dicionario de Mulleres Galegas: Das orixes a 1975

Libros

MARCO, Aurora: *Dicionario de Mulleres Galegas: Das orixes a 1975*, Vigo, A Nosa Terra, 2007, 566 pp., 30 €



Unha obra pioneira, di Aurora Marco no exordio, onde explica como naceu este laborioso traballo, «feita cunha intención globalizadora, que pretende catalogar o máximo posíbel de mulleres».

A existencia de mulleres activas en moi diversos ámbitos fíxoselle patente á autora nun traballo de baleirado de revistas e xornais do XIX e comezos do XX no ano 1980. Noticias illadas, soltas, sen continuidade, pero que daban conta duns seres existentes, pese ao silencio tecido ao seu redor.

Cando A Nosa Terra lle propuxo facer este dicionario, Aurora Marco tivo o estímulo necesario para poñerse mans á obra. Xa non nos rexistros exclusivos de investigacións anteriores –escrita e educación, por un lado, e resistencia ao golpe de estado franquista en 1936, por outro–.

Compoñen o volume xunto ao prefacio mentado 1800 voces (a estrutura interna das voces, explícaa a autora neste preámbulo), trece apéndice con centos de nomes de outras mulleres que merecen ser consignadas e vinte páxinas finais de bibliografía.

As centurias de silencio imposto pola tradición patriarcal, o descoñecemento, a invisibilidade da presenza feminina no mundo do traballo, no mundo cultural, político e económico, acrecentados polos corenta anos de ditadura, de negación das liberdades, de escuridade e volta aos




papeis tradicionais –após as conquistas logradas na etapa da República–, explican a dificultade para acometer un proxecto como este, porque cando sobreviviron en papel impreso a ese pasado oculto que caracteriza as historias de vida femininas, foi na maioría dos casos a través de datos fragmentarios, de sinxelas anotacións que imposibilitan, cando menos nesta altura, ofrecer a lectoras e lectores perfis biobibliográficos máis completos [...] cumpría facer un dicionario do feminino. Cumpría desvelar o legado das galegas, rescatar a herdanza cultural que foron quen de crear nos pasados séculos, co obxectivo de reivindicar o seu peso histórico e dotar de instrumentos metodolóxicos á área de Estudos sobre as Mulleres en Galicia, sobre todo cando se constata que historias, dicionarios temáticos, enciclopedias, inclusive recentes, continúan a perpetuar a súa discriminación, a súa exclusión social.

É, sen dúbida, unha obra pioneira, precisa e necesaria. De obri-

gada consulta, que é o mellor cumprido que se pode dicir.

Sobre ela e, a partir dela, agora, pódese ampliar, corrixir, mellorar –é difícil e cargante pescudar usando fragmentos (noticias escritas, historia oral)– e vai ser un estímulo para esculcar e afianzar.

A memoria, que construímos cos vimbios dispoñíbeis, ten con esta obra auga nova na que beber e así poder corrixir esa perpetua distorsión en cuestión de sexos. Augas, tamén, que darán valor a tantísima xente ao constatar que as vidas das nosas devanceiras –ao igual que as nosas propias vidas– non eran para botar polos sumidoiros coma se o delas valesse menos ou non valesse nada.

E este traballo difícil, fastidioso, encomiábel, preciso, pioneiro e necesario vén do esforzo de Aurora Marco, a quen cómpre facer chegar o noso agradecemento –o meu sen dúbida– e os parabéns polo *Dicionario de Mulleres Galegas*. Que así sexa! 

Niketche: Unha historia de poligamia


Libros

CHIZIANE, Paulina: *Niketche: Una historia de poligamia*, Barcelona, El Cobre, 2002

ANA M.^a ARELLANO

Paulina Chiziane naceu no ano 1955 en Manjacaze, na provincia de Gaza ao sur de Mozambique. Fiel a tradición oral, defínese a si mesma como contadora de historias escoitadas á calor do lume aos maiores. Deuse a coñecer como escritora en diversos xornais do seu país con varios contos, ata que en 1990 publica a súa primeira novela que é tamén a primeira dunha muller mozambiqueña: *Balada de amor ao vento*. Despois virían *Ventos do apocalipse* (1995), en España editada por Txalaparta no ano 2002, *O sétimo xuramento* (2000), que está a piques de saír en español editada por Takusan e *Niketche* (2002), editada en español por El Cobre no ano 2004. A pesar de ser unha das principais escritoras mozambiqueñas, é para nós unha descoñecida que non aparece nas suxestións dos suplementos literarios dedicados á literatura africana.

Paulina viviu no campo, en Gaza, ata os sete anos. Alí falaba a súa lingua materna, o chope. Despois, cando se mudou aos suburbios de Maputo veuse obrigada a falar en portugués e na lingua orixinaria de Maputo, o ronga (en Mozambique fálanse ata corenta dialectos distintos). Sendo unha moza de vinte anos simpatizou coa loita do FRELIMO (Frente de Libertação de Moçambique) contra o colonialismo portugués, pero despois da independencia, coa terrible guerra



civil que asolou o seu país entre 1975 e 1994, desencantouse. Durante a guerra civil estivo colaborando coa Cruz Vermella no campo e foi testemuña de terribles horrores que se reflicten na súas novelas. En *Niketche* hai un exemplo de como unha muller pode cargar coa historia de todas as guerras nun só ventre:

Hace unos días conocí a una mujer del interior de Zambesia. Tiene cinco hijos, ya crecidos. El primero, un mulato esbelto, es de los portugueses que la violaron durante la guerra colonial. El segundo, un negro, elegante y fuerte como un guerrero, es fruto de otra violación de los guerrilleros de liberación de la misma guerra colonial. El tercero, otro mulato, cariñoso como un gato, es de los comandos rodesios blancos, que arrasaron esta tierra para aniquilar las bases de los guerrilleros de Zimbabwe. El cuarto es de los rebeldes que hicieron la guerra civil en el interior del

país. La primera y la segunda vez la violaron, pero a la tercera y la cuarta se entregó por voluntad propia, porque se sentía especialista en violación sexual. El quinto es de un hombre con el cual se acostó por amor por primera vez.

Pero, agás en *Ventos do apocalipse*, as súas novelas non falan directamente da guerra, senón dun país destruído, da miseria do seu pobo, dos rituais e supersticións e do sincretismo entre as relixións e os costumes que conviven en África. Así o conta ela nunha entrevista feita en Portugal hai uns anos:

Temos dois mundos: o actual, feito de realidades novas e evolutivas, e o que nos é imposto, que vem do pasado, da nossa tradição, da nossa cultura, das nossas crenças e mitos. Uma dualidade característica de África e dos africanos em particular. Como é que gerimos a dualidade e a coexistência de mundos tão díspares? A que crença recorrer quando nos surge uma desgraça? Esse é o grande dilema. Os padres que me ensinaram diziam que recordar os meus antepassados era ser pagão, mas recordar um santo António e uma santa Terezinha era ser-se cristão.

Esta novela tira o nome, *Niketche*, dunha danza de iniciación sexual feminina do norte de Mozambique, «...a danza do sol e a lúa, a danza do vento e a chuva. Unha danza que move, que quenta. Que inmoviliza o corpo e fai voar a alma. As mulleres xoves aparecen en tanga e abalorios. Moven o corpo

con arte, saudando o espertar de todas as primaveras...». A protagonista, Rami, está casada cun alto funcionario de policía con quen ten varios fillos e, despois de vinte anos de casada, descobre que comparte o seu home con varias mulleres coas que constituíu outras familias. A partir deste descubrimento Rami vaíse adentrando nunha viaxe interior á procura das causas e as consecuencias do comportamento do seu home. O sufrimento que nun primeiro momento lle leva a enfrontarse con agresividade ás outras mulleres transfórmase logo en sabiduría e fortaleza, consegue facelas as súas aliadas e que o polígamo asuma as súas responsabilidades para con elas e os seus fillos. E non só iso, senón que tamén lles ensina e anima a buscar os medios de gañarse a vida pola súa conta. Nun país cunha das rendas per cápita máis baixas de África, para moitas mulleres o matrimonio é máis que nada un medio de supervivencia. Un home con diñeiro é un posto de traballo, unha fonte de ingresos para unha ou varias mulleres. Nesta vía dolorosa que emprende Rami desde o coñecemento da existencia das outras ata a familia polígama, desde o desencanto do amor ata a independencia, vanse debullando na novela séculos de tradicións e de sometemento das mulleres e, tamén as diferenzas abismais entre o norte islámico de tradición polígama, pero onde as

mulleres son máis libres, e o sur e o centro cristiáns, monógamos pero tremendamente machistas. Gaza, de onde é orixinaria Paulina Chiziane, é a rexión máis machista, onde a muller ademais de cocíñar e lavar debe servir o marido de xeonllos (nunha entrevista de hai oito anos, ela mesma conta o caso dun profesor de Gaza que cando facía unha pregunta en clase os rapaces respostaban de pé, pero obrigaba as rapazas a responder de xeonllos. Cando as alumnas saían ao encerrado tiñan que camiñar de xeonllos e só podían erguerse cando chegaban. O profesor foi criticado e prometeu cambiar, pero para a comunidade estaba actuando correctamente).

Paulina Chiziane denuncia a situación da muller subvertendo os valores tradicionais. Ao aplicar as leis da poligamia dá un lugar e un recoñecemento a todas as familias. O dote que o home dá á muller ao casar é unha compra, pero serve tamén para definir a responsabilidade de sustento dela e da súa familia. Por iso Rami obríga a dar dote a todas as outras mulleres. Combate o sexo incontrolado do home, que o leva a buscar mulleres cada vez máis novas, enfrontándolle á desnudez de todas elas na mesma cama.

Os seus libros teñen todos unha mirada feminista e de denuncia, aínda que o seu feminismo se exprese dun xeito distinto ao que

estamos habituadas, porque non se poden comparar as situacións de violencia que nós vivimos coas que vive a muller negra africana. Ela mesma semella ter reticencias para se definir como feminista por considerar este cualificativo como parte de Occidente:

Quando pronuncio a palabra feminista, faço-o entre aspas porque não quero associar-me às loucuras do mundo. É um livro feminino porque nele exponho a mulher e o seu mundo, embora não seja uma obra onde desafie o estatuto da própria mulher. Isso ajuda a reflectir e a reconhecer afinal quem é a «mulher» com que nós vivemos. É a minha forma de contribuir para a compreensão dessa realidade e, quem sabe, ajudar a definir novos caminhos. Também é uma paixão. Gosto de escrever sobre mulheres. Vou escrever sobre o quê, se não sobre o que sei?! Não sou capaz de ter uma visão assexuada da vida.

Niketche, a máis de ser unha boa novela que se le sen sentir o tempo, é un berro de denuncia ante a inxustiza e o sufrimento das mulleres africanas, e mozambiqueñas en particular. Pero en Mozambique, cun índice de analfabetismo feminino do 69 % e unha esperanza de vida que non chega aos corenta anos, esas mesmas mulleres, que ela con tanto agarimo e crueza describe, dificilmente a poderán ler. **6**



andaina

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macias

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro
Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

El Kiosko. Praza de Galicia

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga
Rúa da Paz, 12

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na **Praza da Constitución s/n.**

■ **Horario de atención ó público**

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería da Muller



Hedy Lamarr

«Calquera moza pode ser glamurosa. O único que tes que facer é ficar quieta e parecer estúpida»

Hedwig Eva Maria Kiesler naceu en Viena no 1913, e logo de abandonar os seus estudos de enxeñaría a cambio dun prometedor futuro como actriz, pasaría á historia como a primeira protagonista dun espido nunha película comercial: *Éxtase*.

Este filme será o que atraía, logo dun matrimonio de conveniencia concertado cos pais dela, ao seu marido, Friedrich Mandl, involucrado na industria armamentística e relacionado cos fascismo alemán e italiano. Este home, na súa obsesión, tentaría facerse con todas as copias da cinta do filme, limitaba en extremo os movementos da actriz e mantíña a vixiada en todo momento, o que non impediría finalmente que ela planificase e levase a cabo con éxito a súa fuxida (coa axuda dunha asistente coa que mantivo unha relación sentimental), primeiro a París, logo a Londres e finalmente aos Estados Unidos.

Foi xa en Hollywood onde renaceu como Hedy Lamarr, inaugurou un novo canon de beleza na época e interpretou os papeis que lle deron sona e o dereito a unha estrela co seu nome que hoxe figura no paseo da fama.

Protagonizou filmes como *Fruto prohibido*, *Sansón e Dalila*, *Este mundo é un teatro* ou *A muller sen nome*, e chegou a rexeitar papeis centrais en filmes míticos, *Casablanca* ou *Luz de gas*.

Mais foi o seu rancor contra a Alemaña nazi –xunto aos coñecementos en materia armamentística que, grazas aos contactos do seu antigo marido, acadara e aos estudos en enxeñaría que ela continuara pola súa conta– o que a levou primeiro a ofrecer ao Goberno dos EUA toda a información confidencial da que dispuña e a desenvolver en colaboración co seu novo compañeiro, o compositor de vangarda George Antheil, un proxecto de telecomunicacións aplicado á industria militar, que a faría figurar na memoria colectiva non só como actriz senón tamén como inventora.

Aínda que o seu invento foi patentado en 1942, os seus descubrimentos non serían recoñecidos publicamente até os últimos anos da súa vida.

O Goberno dos EUA, que lle propuxera utilizar a súa imaxe para cartaces propagandísticos –algo que ela rexeitou–, non tivo en conta nun primeiro momento o seu invento, se ben este sería finalmente estreado na crise dos mísiles en Cuba e posteriormente posto en práctica tamén no Vietnam. Esa mesma tecnoloxía sería posteriormente aplicada, xa nos anos oitenta, á telefonía móbil celular.

Actualmente é na honra dela que todos os 9 de novembro, aniversario do seu nacemento, se celebra internacionalmente o «Día das/os inventoras/es».